24(1542).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO R.C.A. Nº 01/06 INTERPOSTO POR D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RESPOSICIÓN CONTRA A MEDIDA CAUTELAR DE SUSPENSIÓN PROVISIONAL DO EMPREGO E SOLDADO. INADMISIBLE.

Dáse conta do auto de data 04.10.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Acórdase a inadmisión do recurso contencioso-administrativo formulado pola representación de JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ fronte ó Concello de Vigo, contra a resolución da Alcaldesa de Vigo do 07.08.06 desestimatoria do recurso de reposición formulado polo interesado con data 19.07.06 contra a medida cautelar de suspensión provisional de emprego e soldo por un prazo máximo de seis meses adoptada polo Concello no seo do expediente disciplinario incoado contra el por incumprimento da prohibición de compatibilidade para o exercizo de actividades privadas. Todo isto sen prexuízo da facultade que asiste ó recorrente de impugnar dita actuación polos canles ordinarios recoñecidos para esta xurisdicción pola LXCA, nos prazos fixados para os procedementos ordinarios.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

25(1543).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 3/2007 INTERPOSTO POR Dª. ROSA LORENZO ALONSO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 06.06.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Acórdase a inadmisión do recurso contencioso-administrativo formulado pola representación de ROSA LORENZO ALONSO fronte ó Concello de Vigo seguido neste procedemento, por aplicación dos artigos 115 e 117 LXCA ó concorrer dúas causas de inadmisibilidade: inadecuación do procedemento a tramitar polos canles ordinarios; extemporaneidade do recurso, mesmo polos canles ordinarios. Todo isto con expresa condea en custas á parte recorrente .”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

26(1544).- AUTOS DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 NOS SEGUINTE RECURSOS CONTENCIOSOS ADMINISTRATIVOS INTERPOSTOS CONTRA SANCIONES DE TRÁFICO CON EMPREGO DE VEHÍCULO DE CAPTACIÓN DE IMAXES:

a) AUTO NO R.C.A. Nº 109/2006 INTERPOSTO POR D. ANTONIO CID FERNÁNDEZ. ARQUIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 05.03.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declárase rematado o presente procedemento interposto por ANTONIO CID FERNÁNDEZ contra Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesal. Arquívese o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demandada.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

b) AUTO NO R.C.A. Nº 134/2006 INTERPOSTO POR D. PABLO FRANCISCO MADERA SEOANE. ARQUIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 08.03.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declárase rematado o presente procedemento interposto polo letrado Abraham Tenoira Reina, no nome e representación de PABLO FRANCISCO MADERA SEOANE contra Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesal. Sen imposición de custas. Arquívese o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demandada.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

c) AUTO NO R.C.A. Nº 149/2006 INTERPOSTO POR D. JOSÉ MANUEL MOLARES REY. ARQUIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 05.03.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo Núm. 1 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declárase rematado o presente procedemento interposto por JOSÉ MANUEL MOLARES REY contra Concello de Vigo, por existir satisfacción extraprocesal. Arquívese o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demandada.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

d) AUTO NO R.C.A. Nº 15/2007 INTERPOSTO POR D^a. MARÍA DEL CARMEN ALFONSO INSÚA. ARQUIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 06.03.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declarar rematado o procedemento promovido polo letrado D. Abraham Tenreira Reina contra a sanción imposta polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade do Concello de Vigo, recaída no expediente 068530946.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

27(1545).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 565/2006 INTERPOSTO POR D. ENRIQUE RANCAÑO REBORDA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN DE PREGOS PARA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TICKETS NA VÍA PÚBLICA. INADMISIBLE.

Dáse conta do auto de data 04.12.06 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Inadmitir o presente procedemento de dereitos fundamentais incoado polo letrado D. Abraham Tenreira Reina, no nome e representación de ENRIQUE RANCAÑO REBORDA, contra a desestimación presunta do recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo do 14 de agosto de 2006, polo que se aprobaron os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública, sen facer expresa imposición de custas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

28(1546).- AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN 9837/2004 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN CO ACORDO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DA C.A. DE GALICIA SOBRE DÉBEDAS POR TRANSFERENCIA DO HOSPITAL MUNICIPAL Ó SERGAS. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 22.01.07 dictado polo Tribunal Supremo, Sala 3ª do Contencioso Administrativo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Ter por desistido á procuradora D^a Silvia Vázquez Senín, na representación que ostenta do recorrente, CONCELLO DE VIGO, do recurso de casación interposto no nome deste e rematado o procedemento, ordeándose o arquivo dos autos e a devolución das actuacións recibidas o TSX de Galicia, Sección 3ª da Coruña, sen facer expresa imposición de custas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

29(1547).- AUTOS DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 NO R.C.A. Nº 10/2007 INTERPOSTO POR D. HORACIO DE LA CAMPA FALQUE EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN DE TERREOS PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE SANEAMIENTO.

Dáse conta do auto de data 19.01.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Tense por interposto recurso contencioso administrativo pola letrada Mª del Pilar Díaz López, no nome e representación de HORACIO DE LA CAMPA FALQUE, contra o Concello de Vigo, Reclámese mediante oficio o expediente administrativo.

Convócase ás partes a unha comparecenza sobre o mantemento, levantamento ou modificación da medida cautelar adoptada en auto de data 10.01.07 e que terá lugar o próximo día 25 de xaneiro de 2007, ás 10,50 horas.”

Dáse conta do auto de data 26.01.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Que debo levantar a medida cautelar de suspensión adoptada no auto do 10 de xaneiro de 2007 a instancia da letrada María del Pilar Díez López, no nome e representación de HORACIO DE LA CAMPA FALQUE, para que con ocasión da acometida das obras de saneamento das parroquias de Bembrive, San Andrés de Comesaña, Coruxo e Saians, se absteñan de realizar calquera intromisión na finca do recorrente, deixándoa sen efecto por innecesaria, sen facer expresa imposición das custas.”

Dáse conta do auto de data 19.03.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Que debo inadmitir e inadmito o presente recurso presentado pola letrada Dª Pilar Díaz López, no nome e representación de HORACIO DE LA CAMPA FALQUE, pola inexistencia de actuación material constitutiva de vía de feito, sen facer expresa imposición de custas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido dos autos.

30(1548).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 444/2006 INTERPOSTO POR Dª. AMALIA NÚÑEZ PUGA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO CON EMPREGO DE VEHÍCULO DE CAPTACIÓN DE IMAXES. INADMISIBLE.

Dáse conta do auto de data 19.12.06 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declárase a inadmisión deste procedemento promovido polo letrado Abraham Tenoira Reina, no nome e representación de AMALIA NÚÑEZ PUGA, contra a resolución de data 31.01.06, expediente núm.

068609014, ó recaer sobre cosa xulgada pola sentenza núm. 241/06, recaída no PA nº 429/06 deste mesmo Xulgado.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da auto.

31(1549).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 16/2007 INTERPOSTO POR D^a. MARÍA DEL CARMEN ALFONSO INSÚA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 13.03.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declarar rematado o procedemento promovido polo letrado D. Abraham Tenoira Reina contra a sanción imposta polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade do Concello de Vigo, recaída no expediente 068530953.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da auto.

32(1550).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 54/2007 INTERPOSTO POR ZURICH S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 13.06.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Que debía acordar e acordaba ter á procuradora dona Victoria Barros Estévez, no nome e representación da entidade ZURICH, S.A., por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento. Sen imposición de custas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da auto.

33(1551).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 131/2007 INTERPOSTO POR TECNOMECÁNICA ELCOMP S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO CON EMPREGO DE VEHÍCULO DE CAPTACIÓN DE IMÁXES. INADMISIBLE.

Dáse conta do auto de data 11.05.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Que debo inadmitir e inadmito a interposición do recurso contencioso administrativo polo procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais, presentado polo letrado D. Abraham Tenoira Reina, no nome e representación de TECNOMECÁNICA ELCOMP, S.L., por inadecuación do procedemento elixido, contra a sanción recaída no expediente 068639859, sen facer expresa mención de custas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da auto.

34(1552).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 28/2007 INTERPOSTO POR Dª. AURORA RODRÍGUEZ CONDE CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN PATRIMONIA. INADMISIBLE.

Dáse conta do auto de data 29.03.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Inadmitir o recurso contencioso administrativo interposto pola representación de AURORA RODRÍGUEZ CONDE fronte ó Concello de Vigo, no procedemento abreviado número 28/07, en aplicación do disposto no art. 51.1.d) da LXCA ó entender que o presente recurso é extemporáneo. Non se pode facer expreso pronunciamento sobre as custas causadas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da auto.

35(1553).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 154/2006 INTERPOSTO POR D. SERGIO PÉREZ PÉREZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 08.05.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declárase rematado o presente procedemento interposto polo letrado don Abraham Tenoira Reina, no nome e representación de don SERGIO PÉREZ PÉREZ, contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesal. Sen imposición de custas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da auto.

36(1554).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 482/2006 INTERPOSTO POR D. JOSE M. CALO SOUSA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 26.02.07 dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

“Declarar rematado o procedemento promovido polo letrado D. Abraham Tenoira Reina contra a sanción imposta polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade do Concello de Vigo, recaída no expediente 06867527.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da auto.

37(1555).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA PARA REALIZAR ACTUACIÓN COA POBOACIÓN INMIGRANTE. EXPTE. 24984/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 31.07.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobe a solicitude de subvención proposta polo departamento de Benestar Social, a través da oficina de inmigración, por un importe total de 387.000,00.- € segundo o previsto na resolución do 26 de xullo de 2007, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2007.

Dito importe esta desagregado segundo o eixes previsto na resolución cos seguintes importes: Eixe de educación 114.000.- €, Eixe de emprego: 84.000.- €.Eixe de vivenda, 64.000,00.- € .Eixe dos servizos sociais 72.000.€.-Eixe de muller : 31.000.-€ e eixe de sensibilización: 22.000.- €.

38(1556).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/1565, 13/26, 12/186. DENEGACIÓN EXPTE. 4/1734.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes propoosta da traballadora social responsable do Programa SAF, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Manuel Pérez Losada. Expte. 13/1565.
- D. Hermógenes Prieto Fernández. Expte. 13/26.
- D. Amadeo Varela Suárez. Expte. 12/186.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. María González Querol. Expte. 4/1734.

39(1557).- DAR CONTA DA 2ª ADDENDA DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS E SERVIZOS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS PARA O ANO 2007. EXPTE. 24985/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 3.08.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

Con data 29/01/07 a Xunta de Goberno Local, a instancias da Consellería de Sanidade a través do Plan Autonómico sobre drogodependencias, aprobou o desenvolvemento dos programas e servizos que realiza o Concello no presente 2007, así como a prórroga dos convenios subscritos sobre o particular no 2007.

A Conselleira de Sanidade e a Alcaldía de Vigo subscribiron a prórroga do convenio, fixando como contraprestación, nunha primeira addenda a cantidade de 449.997 €, addenda que quedou enterada a Xunta de Goberno Local de data 09/04/07.

Con data 20/07/07 a Conselleira de Sanidade e o Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, subscribiron 2ª Addenda por un importe de 220.387 €.

Para que se proceda ó ingreso da subvención se precisa a aprobación correspondente.

Por todo isto, a Xunta de Goberno Local propónselle a adopción do seguinte acordo:

“Quedar enterada da 2ª addenda da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o desenvolvemente dos programas e servizos de tratamento de drogodependencias para o ano 2007 por un total de 220.387 €.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da 2ª addenda da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o desenvolvemente dos programas e servizos de tratamento de drogodependencias para o ano 2007 por un total de 220.387 €.

40(1558).- ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO LOCAL DA UBAS DE TEIS. EXPTE. 24987/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 3.08.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de 29/12/06 adjudicou á empresa Construcciones Cardeñoso SL, a execución das obras de reforma do local para UBAS de Teis por un importe de 166.482 €.

Mediante acta de recepción do 13 de xuño de 2007, os Arquitectos municipais directores de obra D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carbajal Rodríguez-Cadarso e a empresa constructora Construcciones Cardeñoso SL, representada por D. Eladio Rodríguez Fernández, procederon ó recoñecemento total das obras de reforma de local para Unidade Básica de Acción Socil en Dr Corbal, 21/23 – Teis – Vigo, resolveron recibila devandita obra.

Polo anterior propónse á Xunta de Goberno Local:

“Aprobar a acta de recepción das obras de reforma do local da UBAS de Teis, sito na rúa Dr Corbal 21/23, por terense executado conforme o proxecto e atoparse en condicións de ser recibidos polo Concello de Vigo, propietario do local”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a acta de recepción das obras de reforma do local da UBAS de Teis, sito na rúa Dr Corbal 21/23, por terense executado conforme o proxecto e atoparse en condicións de ser recibidos polo Concello de Vigo, propietario do local”.

41(1559).- EXPEDIENTE DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES (AMES) – 2007/2008. PROPOSTA DE CONCESIÓNS E DENEGACIÓNS. EXPTE. 25111/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de AMES, do 10.08.07, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o listado que se achega no expediente das Axudas Municipais escolares de libros e material escolar – curso 2007/2008 – ANEXO I

1. Axudas de libros e material escolar

- No nivel de Educación infantil (2ª etapa) (3, 4 e 5 anos)
(A Consellería de Educación estableceu a gratuidade dos libros de texto para toda a educación obrigatoria.)
- Orzamento curso: 30.000,00 €
- Cuantía da axuda para este concepto: 62 € alumno/a
- Solicitudes recibidas: 544 (pais, nais ou titores)
- Alumnos/as: 594
- Orzamento adxudicado: 24.118,00 €

1.1 Concedidas:

- Das solicitudes de axudas de libros e material escolar concede concedéronse 358 (pais, nais ou titores) que corresponden a 389 alumnos/as.
- As solicitudes concedidas figuran nos listados que se achegan (ANEXO I) que comenza con 23,50 puntos en Jiménez Jiménez, Dolores, ata 2 puntos con Suárez Perez Jose Juan, sendo o importe adxudicado 24.118,00 €.

| Distribución das axudas de libros e material escolar por idades | | |
|--|----------------------|-------------|
| Curso | Nº axudas concedidas | Importe |
| Educación infantil (3 anos) | 103 alumnos/as | 6.386,00 € |
| Educación infantil (4 anos) | 153 alumnos/as | 9.486,00 € |
| Educación infantil (5 anos) | 133 alumnos/as | 8.246,00 € |
| Totais | 389 alumnos/as | 24.118,00 € |

A cantidade restante do orzamento de libros destinarase aos casos excepcionais que se presenten o longo do curso 2007/2008.

1.2 Lista de espera..... 0

1.3 Denegadas:

- Das axudas de libros e material escolar denegáronse 186 (pais, nais ou titores) que corresponden a 205 alumnos/as.
- As solicitudes denegadas figuran no listado adxunto que comenza na páxina 205 con Costas Villar Mª del Carmen ata García Gil Fernando na páxina 268, especificando o motivo da súa denegación en cada unha delas segundo o recollido na cláusula decimo segunda das bases da convocatoria.
- Motivos das denegacións das solicitudes:
 - Presentadas fora de prazo1
 - Non aporta a documentación requerida 9
 - Non están empadroados..... 3
 - Superan os ingresos173

| Distribución das axudas de libros e material escolar Segundo a súa resolución | | | |
|--|--------------|------------|-------------|
| | Solicitantes | Alumnos/as | Importe |
| Concedidas | 358 | 389 | 24.118,00 € |
| Denegadas | 186 | 205 | |

2º.- Aprobar o listado que se achega no expediente das Axudas Municipais de comedor – curso 2007/2008 – ANEXO I

- Para os niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria obrigatoria.
- Orzamento 2007/2008 370.000,00 €
- Orzamento mensual 39.247,00 €/mes
- Contía da subvención..... Ata 41 €/mes/alumno/a
- Solicitudes recibidas..... 981 (pais, nais, titores)
- Alumnos/as..... 1.506

2.1 Concedidas.-

- Das solicitudes das axudas de comero son concedidas 981 (pais, nais, titores) que corresponden a 1.100 alumnos/as (nesta cantidade van incluídos 37 alumnos/as que a pesar de ter a axuda concedida no se abonará por establecer a gratuidade do servizo á Consellería de Educación (Cristo da Victoria, O Sello, Sta Mariña, Fonte Oscura).
- As solicitudes concedidas de comedor figuran no listado adxunto (ANEXO I) que comenza con 23,5 puntos, Jiménez Jiménez Dolores, ata Martíns Melo Joaquín, con 4,5 puntos na páxina 194.
- Concederónse axudas de comedor a todos os solicitantes ata 5 puntos, e os 41 primeiros de 4,5 puntos e menor renta per cápita dentro de esta puntuación, ata completar o orzamento disponible por mes.

1.2 Lista de espera.-

- Das solicitudes de comedor quedan en lista de espera 44 (pais, nais, titores) que corresponden a 57 alumnos/as que se reseñan no listado adxunto (ANEXO I) páxina 194, que empeza por Lago García Jose Antonio, con 4,5 puntos, ata Alata Urrutia Lavinia, páxina 204
- Estas solicitudes adjudicaránse a medida que acaden puntuación necesaria na lista de espera única (axudas ordinarias e excepcionais) destas axudas de comedor, e exista dotación orzamentaria suficiente.

2.3 Denegadas.-

- Foron denegadas 264 solicitudes (de pais, nais, titores) que corresponden a 349 alumnos/as que se reseñan no listado adxunto (ANEXO I) que empeza por Costas Villar M^a Carmen, páxina 204, ata Campos Carrera M^a Cruz, páxina 268

- Motivos das denegacións das solicitudes:

- Presentadas fora de prazo4
- Non aporta a documentación requerida19
- Non están empadroados..... 3
- O Centro atópase fora do termo municipal 1
- O Centro no conta con servizo de comedor 5
- Todos os nenos incumplen algún requisito 1
- Superan os ingresos 231

3º.- Resumen xeral de alumnos solicitantes por nacionalidade.-

| <u>Países</u> | <u>Alumnos/as</u> |
|------------------------|-------------------|
| - Andorra | 1 |
| - Angola | 1 |
| - Argentina | 43 |
| - Bélxica | 2 |
| - Bolivia | 65 |
| - Brasil | 28 |
| - Canadá | 1 |
| - Colombia | 30 |
| - Cuba | 7 |
| - Ecuador | 12 |
| - Eslovenia | 1 |
| - España | 1.232 |
| - Francia | 3 |
| - Grecia | 1 |
| - Guatemala | 2 |
| - Guinea Ecuatorial | 1 |
| - Honduras | 1 |
| - Marruecos | 4 |
| - México | 4 |
| - Mozambique | 2 |
| - Nicaragua | 2 |
| - Panamá | 1 |
| - Paraguay | 5 |
| - Perú | 8 |
| - Portugal | 6 |
| - Reino Unido | 3 |
| - República Dominicana | 6 |
| - Rumanía | 21 |
| - Senegal | 2 |

| | |
|-------------|-------|
| - Suiza | 2 |
| - Uruguay | 56 |
| - Venezuela | 41 |
| Total | 1.605 |

4º.- O aboamento das axudas concedidas farase con cargo á partida 3130.4810000 “Becas libros e comedor” por un importe total de 400.000,00 €, dos cales 30.000,00 € destináranse a axudas de libros e material escolar e 370.000,00 € ás axudas de comedor.

Achéganse os documentos contables.

5º.- Publíquense no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social e na páxina web o listado ca resolución das axudas municipais escolares que figuran no presente acordo (ANEXO I)

Asemesmo comunicárase a resolución aos solicitantes no seu domicilio.

6º.- Aprobar os seguintes Anexos:

- ANEXO II
- ANEXO III
- ANEXO IV
- ANEXO V
- ANEXO VI

42(1561).- NORMAS PARA A MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL NO CURSO 2007-2008. EXPTE. 2312/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 2.08.07, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as normas e a oferta de prazas para a matrícula nas ensinanzas na Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional no curso 2007-08, que se achegan no expediente.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para resolver as solicitudes de inscrición e as posibles modificacións que se precisen nas seccións da Escola Municipal de Danza. e Percusión Tradicional”.

OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2007-2008

A Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional impartirá ensinanzas de danza popular da tradición galega, dirixida a afeccionados sen limitación de idade.

1.- ÁMBITO FORMATIVO "MÚSICA E MOVEMENTO".

Está dirixido aos alumnos de catro a sete anos. O ensino integrado de música e movemento realizarase en grupo e organizarase en dous niveis de dous cursos de duración cada un deles.

□ 4-6 ANOS.

NIVEL DE "INICIACIÓN".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 12 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS NO NIVEL.- 4 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 48 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.

Grupo 1.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

Grupo 2.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

Grupo 3.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

□ 6-7 ANOS.

NIVEL DE "FORMACIÓN BÁSICA".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 15 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS POR NIVEL.- 4 grupos, como máximo.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.

Grupo 1.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.

Grupo 2.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.

2.- ÁMBITO FORMATIVO DE "DANZA".

Ensinanzas dirixidas a alumnos que teñan, como mínimo, 8 anos de idade. Para estas ensinanzas non se establece límite máximo de idade.

O agrupamento do alumnado farase en función das idades correspondentes ós ciclos do ensino obrigatorio (8-9,10-11,12-13,14-15 anos); para cada ciclo determínanse dous cursos.

A partir dos 16 anos o agrupamento do alumnado queda a criterio da dirección da Escola Municipal de Danza.

□ 8-16 ANOS.

NIVEIS "DANZA PARA ESCOLARES".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.

NIVEIS.- a) 8-9 anos; b) 10-11 anos; c) 12-13 anos; d) 14-15 anos.

NÚMERO DE GRUPOS.- 10 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 200 alumnos.

HORARIO.- Dous sesións semanais de 60 minutos para cada grupo.

Grupo 1 (8-9 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 2 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (12-13 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (14-15 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

□ MÁIS DE 16 ANOS, SEN LÍMITE DE IDADE.

NIVEIS DE "DANZA XUVENIL E DE ADULTOS".

CURSOS.- Cada nivel desenvolverá o 1º curso e o 2º curso. Cada curso poderá incluír só alumnos da mesma idade ou ben alumnos de distinta idade.

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos no nivel de "Danza xuvenil e de adultos".

NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.

HORARIO.- Duas sesións semanais de unha hora cada unha.

Grupo 1.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.

Grupo 2.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.

Grupo 3.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

Grupo 4.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

Grupo 5.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

3.- ÁMBITO FORMATIVO “ENSINANZAS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL ”.

3.1.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (máis de 16 anos).

NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 45 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de unha hora cada unha.

Grupo 1A.- XOVES DE 20,00 A 21,00 horas. INICIACIÓN.

Grupo 1B.- XOVES DE 21,00 A 22,00 horas. PERFECCIONAMENTO.

Grupo 1C.- XOVES DE 18,00 A 19 horas. INICIACIÓN.

3.2.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (de 8 a 15 anos)

NÚMERO DE GRUPOS.- 2 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 30 alumnos.

HORARIO.- Dúas sesións semanais de media hora cada unha.

Grupo 2A.- luns e mércores de 18,30 a 19,00 horas.

Grupo 2B.- Martes e xoves de 18,30 a 19,00 horas.

4.-GRUPOS DE AMPLIACIÓN.-

Hai unha reserva de dous grupos para ampliar no nivel que se precise en función da demanda. O número de alumnos: 40 como máximo. Horario: pendente determinar.

SECCIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL.

9 MÓDULOS

- Iniciación (4-5 anos): 3 grupos (máximo 15 alumnos c/u): 36 alumnos.*
- Formación básica (5-6 anos): 3 grupos: 45 alumnos.*
- “Danza para escolares” (8 a 15 anos): 3 grupos (máximo de 20 alumnos c/u), 60 alumnos.*

LUGARES DE ENSINANZAS.-

As seccións do curso 06-07 foron: SEIS DO NADAL-COIA; CEIP FRIÁN-TEIS; E CEIP DOBLADA, CEIP BALAIOS, CEIP CARRASQUEIRA.

Neste curso 2007-2008 as seccións poderían ampliarse.

NORMAS PARA A MATRÍCULA DO CURSO 2007-2008

REQUISITOS PARA MATRICULARSE NA EMDePT

a) As persoas beneficiarias das ensinanzas de danza tradicional galega impartidas pola EMDPT estarán empadroadas no Concello de Vigo. Quen non estivo matriculado no curso anterior, deberá acreditarlo mediante VOLANTE DE EMPADROAMENTO, que solicitará no servizo de Estatística do Concello de Vigo e que entregará antes de finalizar o prazo de solicitude de inscrición. No caso do alumnado matriculado no curso anterior non será necesario.

b) O alumnado poderá asistir ás clases da EMDPT nas DEPENDENCIAS CENTRAIS (na Casa do Concello-praza do Rei, s/n) ou nas SECCIÓNS. Quen solicite praza nas seccións asistirá ás clases no centro que se lle indique en función da proximidade do seu domicilio ou da dispoñibilidade de prazas para o nivel que lle corresponde pola súa idade.

c) Para asistir ás clases aboarase con anterioridade o importe de matrícula correspondente.

2. PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA INSCRICIÓN NA EMDPT

Todas as solicitudes de ensinanzas na Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional presentaranse, en impreso normalizado, nas dependencias da escola situada no soto primeiro do Concello, de luns a venres, de 9 a 13 horas, e os xoves de 17 a 19 horas.

O prazo de solicitude irá dende o día 17 ao 28 de setembro de 2007.

3. CRITERIOS DE ADMISIÓN NA EMDPT

Os criterios para a admisión do alumnado da EMDPT serán o cumprimento das presentes normas e a dispoñibilidade de prazas no grupo correspondente.

As prazas da EMD son limitadas.

4. PAGAMENTO DE MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará o pagamento da matrícula entre os días 1 e 5 de outubro, ambos inclusive. Quen non formalice a matrícula ou non teña aboado o seu importe dentro do prazo establecido poderá perder a súa praza unha vez iniciado o curso.

5. PREZO DA MATRÍCULA

DANZA DE 4 A 7 ANOS: 18.-€ curso completo (1,30 h semanal)

RESTANTES CURSOS DE DANZA: 24.-€ curso completo (2 h semanais)

PERCUSIÓN: 12.-€ curso completo (1 h semanal)

6. CALENDARIO DO CURSO NA EMDPT

O curso iniciarase o día 8 de outubro de 2007 e rematará o 20 de xuño de 2008; dentro deste período o calendario axustarase ás xornadas festivas e de vacacións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para centros educativos non universitarios.

O primeiro día de clase, o alumnado presentará unha fotografía de tamaño "carné".

7. GRUPOS E HORARIOS.

Na Escola Central o horario de ensinanzas será entre as 17,00 h e as 22,00 h de luns a venres.

Nas seccións os horarios definitivos fixaranse en canto se dispoña da matrícula mínima.

A oferta total da Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional é de 33 grupos/569 prazas para varios niveis de formación (inicialmente, 24 para a Escola Central e 9 para as seccións).

A dirección da escola, en función da demanda, proporá a adscrición do alumnado aos grupos ata que estes se completen. Procurarase a homoxeneidade dos niveis, polo que pode, antes do comezo do curso, modificarse o número de grupos dos distintos ámbitos formativos ou niveis e tamén dos horarios para atender adecuadamente a demanda.

43(1562).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO DO 11.06.07 SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS PARA O ANO 2007. EXPTE. 73546/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, do 3.08.07, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

- En sesión celebrada en data 11 de xuño de 2007 a Xunta de Goberno Local aprobou o PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS PARA O ANO 2007.

- A proposta presentada pola citada entidade inclúe IVE no orzamento dun 16% e adxunta dictamen emitido por D. Alejandro Blázquez Lidoy, Profesor tit. de dereito financeiro e tributario.

- No proxecto de Convenio non figura de forma expresa que as cantidades se entenden con IVE aínda cando o orzamento presentado e aceptado si o inclúe; no obstante a entidade Cruz Vermella Española manifesta a necesidade de que figure de forma expresa no texto do Convenio,

Polo exposto sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Modificar o contido do Acordo adoptado en sesión celebrada en data 11 de xuño de 2007 sobre aprobación do PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS PARA O ANO 2007 no sentido de engadir na cláusula DECIMA, despois da cantidade de 120.000 EUROS, "IVE INCLUÍDO".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(1563).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNEIS PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12198/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 3.08.07, conformado pola concelleira a Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 12 de xullo de 2004 adxudicou á Unión Temporal de Empresas formada por “Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (IMES) e “Equipos de Señalización y Control, S.A. (ESYCSA) a prestación dos servizos de mantemento das instalacións electromecánicas dos túneles propiedade do concello de Vigo.

O coordinador da Area de Servizos Xerais en informe de 18-07-2007 e coa conformidade da Concelleira da Area de Servizos Xerais propón a prorroga do contrato.

A cláusula VI do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación prevía a duración do contrato de dous anos prorrogables por periodos anuais ate un máximo de dous máis previo acordo expreso do órgano de contratación. A primeira prorroga do contrato xa foi acordada pola Xunta de Goberno Local celebrada o 07-08-2006

Por iso, previo informe da Interevención Xeral, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Prorroga-lo contrato de prestación dos servizos dos servizos de mantemento das instalacións electromecánicas dos túneles propiedade do concello de Vigo subscrito coa empresa Unión Temporal de Empresas formada por “Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (IMES) e “Equipos de Señalización y Control, S.A. (ESYCSA) polo periodo comprendido entre o día 01-09-2007 e 31-08-2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(1564).- ALLEAMENTO DE 42 VEHÍCULOS DO DEPOSITO DA AVDA DE MADRID PARA CHATARRA. EXPTE. 1919/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 31.07.07, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 42 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta no expediente), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprilas seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

47(1565).- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12149/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnico de Admón. Especial do 6.07.07, que di o seguinte:

A vista do informe do enxeñeiro municipal, D. Alvaro Crespo Casal, por parte deste servizo de patrimonio, fanse as seguintes observacións:

A procedencia da revisión extraordinaria proposta polo servizo é correcta conforme ó previsto no prego de cláusulas administrativas, xa que efectivamente se produceu unha incorporación de novos elementos, según expón e xefe de electromecánicos no seu informe, polo que procede o abono dos mesmos a partir de xaneiro de 2006.

Na proposta do servizo recollese que eses elementos deberán ser aboados á empresa a partir de xaneiro de 2007, pero tal como se recolle no prego de condicións que rexeu esa contratación e no contratato administrativo entre as partes, o importe a aboar como consecuencia da revisión extraordinaria, a partir de xaneiro de 2006 e ata data na que procede a revisión ordinaria, deberíase efectuar a precios de orixen.

Revisión extraordinaria do contrato:

Importe base (según informe técnico): 1.128.021,76 euros.

Importe sen iva: 972.432,55 euros.

Incremento 17,53: 170.467,43 euros.

Importe total con aumento: 1.142.899,98 euros

16% iva: 1.325.737,84.

Importe reposición equipos e instalacións: 100.000,86 euros.

A vista do anterior, e como consecuencia da revisión extraordinaria do precio, o prezo do contrato a partir do 1 de xaneiro de 2007, quedaría establecido na cantidade de 1.425.737,84 euros.

Revisión ordinaria do contrato.

Según se establece no prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación ("A primeira revisión terá lugar transcurrido un ano dende a adxudicación do contrato recollendo a variación experimentada polo IPC dende a data de apertura de plicas... "), e no contrato administrativo firmado entre as partes, cláusula 4ª na que se fixa que o prazo de execución comenará o 1 de maio de 2007, a variación que experimenta o IPC dende xaneiro 2006 a abril de 2007, é de 4,7%, o importe contractual revisado, a partir de 1 maio de 2007, é de 1.492.747,52 euros/ano.

Polo que, previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE A C O R D O

PRIMEIRO.- Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de xestión do servizo de mantemento e conservación das instalacións de alumeado do Concello de Vigo, adxudicado a empresa, Imes, S.A., pola Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2006 ó incrementarse os puntos de luz inventariados en 5.993 unidades

que representan un incremento de 17,53% con respecto as unidades iniciais instaladas, sendo o importe económico de dito aumento de 170.467,43 euros/ano.

Como consecuencia do anterior a empresa debráselle recoñecer a cantidade de 56.822.48 euros, pola diferenza entre o facturado e o novo precio perante o período de xaneiro a abril (ambolos dous incluídos) do ano 2007.

SEGUNDO.- Aprobar a revisión ordinaria do contrato, a partir do 1 de maio de 2007, por aplicación do incremento do IPC do período xaneiro de 2006/abril 2007 (4,7%), o prezo total do contrato, fixando éste na cantidade de 1.492.747,52 euros, polo período comprendido entre o 1 de maio de 2007 e o 31 de abril de 2008.

Debráselle recoñecer a empresa adxudicataria o importe de 27.834,94 euros, pola diferenza entre a facturación efectuada nos meses de maio e xuño, e o prezo revisado.

O expediente é informado polo Interventor xeral con data 11.07.07.

Así mesmo, con data 8.08.07, a técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, modifica a proposta do seguinte xeito:

Visto o informe da Intervención Xeral de data 11 de xullo de 2007, a proposta anterior quedaría modificada no punto segundo, quedando ésta da forma seguinte:

SEGUNDO.- Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de mantemento e conservación das instalacións de alumado do Concello de Vigo, a partir do 1 de maio de 2007, por aplicación do incremento do IPC do período xaneiro de 2006/abril 2007 (4,7%), ó prezo do contrato (excluídos os gastos do alumado navideño e as inversións de reposición), quedando o prezo revisado fixado na cantidade de 1.388.047,52 euros. Polo que o prezo do contrato a partir do 1 de maio de 2007 sería de 1.612.872,58 euros (prezo revisado máis os importes de alumado navideño (124.824,20 euros) e inversións de reposición (100.000,86 euros).

Acordo

A Xunta de Goberno local, a vista dos anteriores informes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de xestión do servizo de mantemento e conservación das instalacións de alumado do Concello de Vigo, adxudicado a empresa, Imes, S.A., pola Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2006 ó incrementarse os puntos de luz inventariados en 5.993 unidades que representan un incremento de 17,53% con respecto as unidades iniciais instaladas, sendo o importe económico de dito aumento de 170.467,43 euros/ano.

Como consecuencia do anterior a empresa deberáselle recoñecer a cantidade de 56.822.48 euros, pola diferenza entre o facturado e o novo precio perante o período de xaneiro a abril (ambolos dous incluídos) do ano 2007.

SEGUNDO.- Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de mantemento e conservación das instalacións de alumado do Concello de Vigo, a partir do 1 de maio de 2007, por aplicación do incremento do IPC do período xaneiro de 2006/abril 2007 (4,7%), ó prezo do contrato (excluídos os gastos do alumado navideño e as inversións de reposición), quedando o prezo revisado fixado na cantidade de 1.388.047,52 euros. Polo que o prezo do contrato a partir do 1 de maio de 2007 sería de

1.612.872,58 euros (prezo revisado mais os importes de alumbrado navideño (124.824,20 euros) e inversións de reposición (100.000,86 euros).

48(1566).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVO PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL CIVIL FORMULADA POR D. BELARMINO ALONSO COMESAÑA EN RELACIÓN COA DESCATALOGACIÓN DO CAMIÑO PEDREIRA R-2. EXPTE. 17613/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio e máis polo concelleiro delegado, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Don Belarmino Alonso Comesaña presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 27-12-05 solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do camiño Pedreira R-2, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como vial público. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Segundo.- Na instrución do expediente leváronse a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 6-2-06

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 15-5-06

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 4-8-06

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia á A.VV de "Outeiro" S. Andrés de Comesaña e ós propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, sen que se formularsen alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño Pedreira. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administraciones públicas, atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto e prace do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguíuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o esíxen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos, este devíu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe ós actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubitado tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta

Administración. Se temos en conta que o ordeamento xurídico recoñece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluir que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o camiño de Pedreira é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercizo de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, agás nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, por analogía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Belarmino Alonso Comesaña mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 27-12-05 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Pedreira R-2 recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(1567).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ELOY FIGUEROA PIÑEIRO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE DESAFECTACIÓN Ó USO PÚBLICO DUN TRAMO DO CÑO. REGUEIRO EN VALADARES. EXPTE. 17191/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-do xefe de Patrimonio de data 01.08.07, conformado polo concelleiro delegado, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).

L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)

L30/1992 do 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).

RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)

RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

D. Eloy Figueroa Piñeiro, formula recurso de reposición o 24.05.2007 contra acordo da Xunta de Goberno Local de 26.03.2007 polo que se desestimou a solicitude de desafectación ó uso público municipal dun tramo do camiño de Regueiro na parroquia de Valladares. Acordo que se lle notificou ó interesado en data 26 de maio de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMERO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O interesado no seu recurso manifesta a titularidade privada do tramo do camiño do Regueiro obxecto de reclamación, sinalando ser da súa pertenza sen que en ningún momento fose utilizado como paso polos veciños da zona, nin teña instalado servizo urbanístico ningún ou resulte afectado polas aliñacións do Plan Xeral vixente, solicitando a súa desafectación.

SEGUNDO.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non se fundamentar en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia, resultando o alegado unha mera reiteración do dito en instancia que xa se tivo en conta para resolver.

No acordo, agora recorrido, resólvese sobre a solicitude principal do interesado, a desafectación dun tramo do camiño do Regueiro do uso público ó que ven sendo destinado e tal como se reflecta no Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, sen que o alegado por este desvirtue os razoamentos xurídicos na que se basea dita resolución.

No recurso formulado límitase a incidir en cuestións que xa constan na instrucción do expediente, informadas e resoltas no acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 26.03.2007. Neste senso, nos fundamentos xurídicos que serven de base ao acordo recorrido, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación ás cuestións presentadas polo interesado, e así se sinala en relación ós dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que a controversia se deba centrar na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan presentarse, ó ser competencia para o seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.(FX 5°).

Así mesmo, no que atinxe ó uso público do camiño, xa se sinalaba que o camiño forma parte integrante da infraestrutura pública viaria, que serve de conexión e comunicación con outras vías públicas, vencellado conseguintemente ó uso común e xeral dos veciños. Configuración física que consta na planimetría municipal dos anos 1960 e da que se ten constancia no

expediente de licenzas de obra a nome de D. Antero Piñeiro Iglesia de 1965, tal e como se recolle no acordo recurrido (FX 7ª)

TERCEIRO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 26.03.2007, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Eloy Figueroa Piñeiro contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 26.03.2007 ó non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

50(1568).- RECLAMACIÓN DE Dª. ROSA MARÍA PÉREZ BARREIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 985/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 20.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Dna. Rosa María Pérez Barreiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 20 de marzo de 2006, no que expón que o día 8 de outubro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Pizarro, á altura do número 65, sufríu un tropezón ó pisar unha baldosa que se atopaba solta, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 08/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que a Sra. Pérez se persoa nas dependencias deste servizo e lles relata o accidente que tivera; persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia da baldosa solta.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/04/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Práctica de proba testifical, en data 24/06/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Pérez e indica que o desperfecto da vía non era visíbel.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.471,45 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 31/07/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte ó cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por

estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por se introducir neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no dictame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel, como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

O día 8 de outubro de 2005 a reclamante caeu á altura da rúa pizarro nº 65, ó tropezar cun lastro solto da beirarrúa, causándose lesións de carácter físico que o dictame médico solicitado, e que de conformidade co artigo 89.5 da lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución se valoran en 2.471,45 € por canto se estima que hai patoloxía crónica demostrable no xeonllo, e que con 60 días de curación terían que ser suficientes para a recuperación ó sumo como secuela unha gonaxia residual que valora cun punto ó non precisar inmovilización.

Do informe do servizo de Vías e Obras solicitado resulta que o lastro se atopaba solto producindo que os peóns tropecen nel ó ter un bordo levantado, sendo imperceptible visualmente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Rosa María Pérez Barreiro por unha caída ocorrida o día 8 de outubro de 2005 na rúa Pizarro, e indemnizala na cantidade de 2.471,45 euros.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

51(1569).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO EDREIRA SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.976/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 20.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Antonio Edreira Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da entidade Mapfre Mutualidad de Seguros, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 13 de marzo de 2006, no que expón que o día 13 de novembro de 2005 un sinal de tráfico caeu sobre o vehículo, matrícula 9756-CCP, asegurado pola devandita compañía, cando este estaba estacionado na rúa Cuba, provocándose danos materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 13/11/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, Dna. María Luísa Mazaira Oliveira, propietaria e conductora do vehículo sinistrado, relátalles o accidente que sufrira; igualmente; comprobán os danos ocasionados ó vehículo polo sinal.*
- Informe do Parque Móbil, do 29/03/2006, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de Mapfre Mutualidad e Seguros, presentado polo reclamante, por un importe de 357,23 euros IVE incluído, son correctos.*
- Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 15/11/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) Dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por se introducir neste caso un elemento estrano á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- No expediente, do parte de servizo da Policía Local que se achega así como informe do Servizo de Circulación Viaria á vista do anterior, resultan acreditados os feitos polos que se reclama, isto é que estando aparcado o vehículo con matrícula 9756-CCP caelle enriba un sinal de tráfico sufrindo danos valorados en 357,23 € que o Servizo de Parque Móbil estima correctos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Antonio Edreira Sánchez polos danos ocasionados no seu vehículo matrícula 9756-CCP, debido a caerlle enriba un sinal de tráfico o día 13 de novembro de 2005 na rúa Cuba e indemnizalo coa cantidade de 357,23 euros.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

52(1570).- RECLAMACIÓN DE D^a. EMILIA DOSINDA PARENTE ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 963/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 19.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

“Antecedentes:

Dna. Emilia Dosinda Parente Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 24 de febreiro de 2006, no que expón que o día 8 de abril de

2005, mentres camiñaba pola rúa Policarpo Sanz, á altura do paso de peóns próximo á Biblioteca, sufríu unha caída como consecuencia do mal estado do firme, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/03/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que o pavimento fora reparado recentemente.
- b) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 602,47 euros.
- c) Práctica de proba testifical, en data 23/06/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Parente.
- d) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 23/06/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en , o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinando o dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acoillida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por se introducir neste caso un elemento estrano á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración

(artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

A reclamante caeu o día 08.04.2005 na rúa Policarpo Sanz ó tropezar nunha focha situada nun paso peonil, que se atopaba pintado e que non consta que fora de fácil percepción. A data actual se atopaba reparada.

No dictáme médico solicitado ó efecto e que consonte co artigo 89.5 da lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución se valoran as lesións causadas en 543.47 €, resultando acreditado ademáis que as lentes que portaba a reclamante resultaron danadas por importe de 59 € a súa reparación.

A reparación dos danos producidos cando se estima que hai nexo causal entre a lesión padecida e o funcionamento dun servizo público ten que ser integral, restaurando ao seu patrimonio, procedendo nunha indemnización que corresponda a perda causada, pero sen que se poda converter nun motivo de lucro (STS 12.07.1995, 21.11.1955).

Consecuentemente acreditado no expediente que o reclamante foi indemnizado na cantidade de 92,56 € pola lesión padecida, é polo que corresponda detraer esa cantidade da valoración efectuada

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Emilia Dosinda Parente Alonso por unha caída ocorrida o día 8 de abril de 2005 na rúa Policarpo Sanz, e indemnizala coa cantidade de 509,91 €.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

53(1571).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. LUZ PAZ ALVAREZ MARTÍNEZ CONTRA RESOLUCIÓN DA X. GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 814/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 30.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

“Primeiro.- Dona Luz Paz Alvarez Martínez presenta o 28.6.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída nos xardíns diante da estación de ferrocarril de Vigo, e que lle foi notificada en data 4.6.2007.

O recurso de reposición fundaméntase sintéticamente en que a lesión padecida non ten porqué ser soportada por canto se produce por un anormal funcionamento da Administración, que o nexo causal existente entre accidente e causa é evidente, e que con posterioridade ó suceso o departamento de Vías e Obras reparou os defectos, o que

supón un recoñecemento da responsabilidade por actos propios. Entende de aplicación o baremo establecido na Lei do seguro e atopase disconforme co ditame médico que hai no expediente, considerando que non hai motivo que supoña negligencia da súa parte por canto as testemuñas non indican que o defecto fora visíbel . Non hai contradicións e hai un erro material no informe médico do 29.11.2005.

Segundo.- Do recurso de reposición interposto deúselle traslado a CESP, S.A., que fixo alegacións opoñéndose ó recurso por canto hai importantes contradicións no expediente e o defecto era perfectamente visíbel e a caída prodúcese de día nun lugar en moitos casos coñecido. Estima que non é parte no procedemento por canto é completamente allea a el ó se producir nunha beirarrúa, proba do que é que non reparou os defectos.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- As alegacións da recorrente non desvirtúan a motivación da resolución recorrida, que se refire ademais de a visibilidade do defecto en condicións normais de tránsito e atención ó propio deambular, ás importantes contradicións do expediente, con dúas asistencias no servizo de urxencias, a última en data moi posterior ó suposto incidente e na que se diagnostica a fractura dun pulso distinto, o dereito, ó que segundo a testemuña que di que se queixaba de dor no pulso esquerdo. E nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito imprescindible a proba con certeza dos feitos e da relación causal destes cun servizo público, requisitos que segundo a xurisprudencia operan para todos e cada un dos elementos intervinentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle a proba a quen reclama (arts. 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993).

Terceiro.- Por outra banda, polo que respecta á avaliación dos danos, indicar que o art. 105.2 da LRXPAC establece que a incorporación de ditámenes á resolución servirá de motivación á mesma, sempre que se incorporen ó seu texto, téndose que rexeitar a aplicación como criterios de valoración de danos os previstos na lei do seguro, consonte co criterio das SSTs do 3.12.79 e 18.2.1980, por canto as indemnizacións provintes dun seguro derivan dunha relación contractual, e porque o importe de tales indemnizacións se fixa ademais de en función do dano, do importe da prima previamente pactada e aboada.

Carto.- De conformidade co disposto na cláusula 4.2.2. en relación co Anexo I do prego de bases técnicas do contrato de adxudicación a Cesp, S.A., formalizado o 6.6.2005 , correspondeiíalle a esta concesionaria responder dos danos causados caso de se acreditar estes, como así se fai constar nos informes citados na resolución que se impugna, e así na declaración da testemuña empregada da concesionaria que hai no expediente este manifesta que se atopaba realizando labores de limpeza no lugar.

Quinto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó se tratar do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición formulado por dona Luz Paz Alvarez Martínez o 28.6.2007 contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 14.05.2007, por non desvirtuar as súas alegacións a motivación da resolución que se impugna.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

54(1572).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. DOSINDA CHANA CRESPO CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.47256/250. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 30.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

Primeiro.- Dona Dosinda Chana Crespo presenta en data 09.05.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ó Concello por mor dunha inundación no local comercial propiedade da empresa que representa, Inversiones Wike, S.L., e que lle foi notificada o día 7.5.2007.

Segundo.- Do recurso interposto deúselle traslado á UTE-AQUALIA-FCC, que non fixo alegacións.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase en que a interesada non se amosa conforme coa resolución recaída no expediente, reiterándose nas alegacións feitas no expediente, e solicitando que un arquitecto municipal revise os danos ocasionados no soto do local comercial.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia, resultando o alegado una mera reiteración do dito na instancia que xa se tivo en conta para resolver.

Terceiro.- Non procede admitir que o arquitecto municipal visite novamente o local, por canto no expediente figura xa informe emitido por éste de data 6 de outubro de 2006, que consta como motivación da resolución que se recorre.

Cuarto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó se tratar do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición formulado por dona Dosinda Chana Crespo o dia 09.05.2007 contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ó

Concello por mor dunha inundación no local comercial propiedade da empresa que representa, Inversiones Wike, S.L., e que lle foi notificada o día 7.5.2007, e non procede admitir que o arquitecto municipal visite novamente o local, por canto no expediente figura xa informe emitido por éste de data 6 de outubro de 2006, que consta como motivación da resolución que se recorre.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

55(1573).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. MARÍA DE LOS ANGELES DE LAS HERAS CÁMARA CONTRA RESOLUCIÓN DA X. GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 895/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

Dona Maria de los Ángles de las Heras Cámara presenta en data 03.07.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor dunha caída acontecida nas escaleiras que comunican a Avenida de Madrid coa estrada Provincial, e que lle foi notificada o día 04.06.2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sinteticamente en que hai outras circunstancias que non foron tidas en consideración ó dictar a resolución que se recorre, como o son que a escaleira carece de varandas de protección ou pasamáns, que non hai sinal de aviso dos defectos e a súa perigosidade polas condicións nas que se atopa, así como que o nexo causal atópase acreditado pola declaración da reclamante que se axusta á realidade dos feitos e á valoración das probas que hai no expediente, citando a estes efectos diversas sentenzas do Tribunal Supremo.

Ningunha destas alegacións desvirtúa a motivación da resolución que se impugna, por canto e con independencia de que a caída tivera lugar efectivamente por mor do mal estado das escaleiras, por canto a única testemuña xa víu caída a reclamante e non se coñecen as circunstancias nas que tivo lugar, a doutrina que hai nela e a que reiteradamente aplica o Consello Consultivo de Galicia (entre outros dictáme 380/2006), que recolle como así se cita as do Tribunal Supremo e Consejo de Estado. E así o criterio da responsabilidade obxectiva das administracións públicas non significa que non haxa que respectar certos límites: uns impostos legalmente (arts. 139.1 e 141.1 p.1 e 2 da LRXPAC), e outros acotados pola xurisprudencia que son os da culpa da vítima e o feito da intervención dun terceiro (STS 27.2.2002). E o principio da propia deambulación ven modalizado polo xogo do principio de confianza dos particulares nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de xeito que naqueles supostos nos que se constaten defectos ou obstáculos non apreciabeis co emprego da dilixencia debida,

como perigos ou trampas ocultos, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa que enlazara causalmente dito feito co actuar da administración. E neste expediente hai un dato certo que está suficientemente probado, que é a ostensibel manifestación ó exterior do estado das escaleiras, e o seu coñecemento pola interesada, por canto o seu lugar de traballo se atopaba ó seu carón.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición formulada por dona Maria de los Ángles de las Heras Cámara en data 03.07.2007 contra a resolución da Xunta de Goberno do 25.05.2007, por non desvirtuar as súas alegacións a motivación da resolución que se impugna.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

56(1574).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. CRISTINA NÚÑEZ ROMÁN CONTRA RESOLUCIÓN DA X. GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 982/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 30.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

“Dona Cristina Núñez Román presenta en data 13.06.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que acordou desestimar a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ó Concello, por mor dunha caída na rúa Castelar nun lugar habilitado para o paso de peóns durante as obras que alí estaba realizando a empresa Neccso, por falta de lexitimación pasiva ó ser a administración contratante de ditas obras a Zona Franca de Vigo, resolución que lle foi notificada en data 05.06.2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que ata o trámite de audiencia se descoñecía a existencia do convenio suscrito, que os funcionarios e persoal contratado incorriron nunha acción negligente “por omisión”, na responsabilidade solidaria e obxectiva do consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello, na responsabilidade directa e obxectiva do Concello e que no Consorcio da Zona Franca de Vigo séguese outro expediente pendente de resolución.

O certo é que ningunha das alegacións efectuadas desvirtúa a motivación da resolución que se recorre, por canto a Administración está sometida ó ordeamento xurídico (art. 3.1 LRXPAC, art. 9.1 CE). Consecuencia de isto é que o contido dos actos administrativos ten que se axustar ó disposto polo ordeamento xurídico, e neste suposto unha vez acreditado que no convenio específico de colaboración entre o Concello de Vigo e a Zona Franca de Vigo

para o desenvolvemento do programa 2005 se estipula que este último organismo é a administración encargada de contratar e executar as obras nas que aconteceu o suceso polo que se reclama, asumindo a dirección dos contratos a tal fin, resulta de obrigada aplicación o disposto no art. 97 p.3 do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD legislativo 2/2000, do 16.06, que establece que nos supostos nos que se acrediten danos derivados da execución dun contrato administrativo ten que ser o órgano de contratación, a requirimento dos terceiros afectados, o que se pronuncie sobre a cal das partes contratantes correspóndelle a responsabilidade deles.

Polo exposto, procede desestimar o recurso de reposición interposto, confirmando a resolución de instancia.

Cuarto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó se tratar do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición formulada por dona Cristina Núñez Román en data 13.06.2007, contra a resolución da Xunta de Goberno Local do 14.05.2007, por non desvirtuar as súas alegacións a motivación da resolución que se impugna.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

57(1575).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. CAMILA SANTOMÉ SOLLA CONTRA RESOLUCIÓN DA X. GOBERNO LOCAL ESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 862/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 30.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

“Dona Camila Santomé Solla presenta o 14.06.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que estimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na rúa Gran Vía de Vigo á altura do número 11, e que lle foi notificada o día 05.06.2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase en que valorados os danos físicos ocasionados pola caída en 1.564,05 euros no dictáme médico que hai no expediente, non procede detraer desa cantidade, como así o fixo a resolución que se recorre, a cantidade de 413,20 euros que lle aboou á interesada a Mutua General de Previsión del Hogar, en virtude de póliza subscrita ó efecto, e considerando que non procede entender de aplicación un enriquecemento inxusto, e que este se produce no Concello.

No procedemento de responsabilidade patrimonial é doutrina legal recollida pola xurisprudencia que o principio que domina a súa regulación, consagrado no art. 40 LXPAC e art. 106 da Constitución, é o de procurar ó prexudicado a reparación integral do dano causado, pero sen que poida convertirse nun motivo de lucro (STS 12.7.1955 e 15.10.1990, entre outras). Por outra banda, a vítima dun dano causado a consecuencia do funcionamento dun servizo público que tivera concertado un contrato de seguro en virtude dunha póliza subscrita ó efecto, terá dereito a que se lle indemnice consonte á ela. Non obstante, e de conformidade co que dispón o art. 43 da Lei 50/1980, do 8 de outubro do contrato de seguro, neste suposto a aseguradora poderá exercer os dereitos e accións que por razón do sinistro correspondan ó asegurado ata o límite da indemnización aboada.

Polo tanto, acreditado que tanto a aseguradora como o reclamante están lexitimados para reclamar a prorrata do seu respectivo interese, é polo que procede desestimar o recurso interposto confirmando a resolución de instancia.

Cuarto.- Consonte co art. 116 da LXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición formulado por dona Camila Santomé Solla o día 14.6.2007 contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 21.05.2007, por non desvirtuar as súas alegacións a motivación da resolución que se impugna.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

58(1576).- NOMEAMENTO DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA ADSCRITO Ó VALEDOR DO CIADÁN.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 2.08.07, conformada polo concelleiro delegado de Persoal, que di o seguinte:

Con data 9 de xullo a Xunta de Goberno local determinou o número e o réxime de persoal eventual que leva a cabo as súas funcións na Alcaldía e nos diferentes grupos políticos municipais, ademais destes na relación de postos de traballo do Concello consta adscrito ó Valedor do Cidadán un posto de auxiliar destas características que non foi incluído no acordo citado e que resulta imprescindible para a xestión ordinaria das funcións que correspondente a este órgano, de conformidade co exposto proponse á Xunta de Goberno Local, ó abeiro do previsto no artigo 127.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, o seguinte acordo, previa fiscalización de Intervención.

Primeiro.- Ampliar o acordo de data 5 de xullo no senso de incluír un novo posto de persoal eventual coa categoría retributiva de auxiliar 21.661,08 €/mes, que será adscrito ó Valedor do Cidadán.

Segundo .- As características e o réxime xurídico do posto mencionado serán idénticas ás indicadas no acordo de data 9 de xullo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

59(1577).- GRATIFICACION POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE O MES DE XULLO-2007. EXPTE.17473/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de XULLO-2007, por un total de 30.674'57 € (TRINTA MIL SEISCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CINCOENTA E SETE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

60.- GRATIFICACION POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE OS MESES DE FEBREIRO E XUÑO DE 2007. EXPTE. 17457/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de FEBREIRO e XUÑO-2007, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

Servizo de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comeza por Don Francisco Abreu Torres e remata por don José Antonio Villar Comesaña, por un total de 649'00 horas.

Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Constante Alonso Caride e rematan por don Manuel Villar Miguelez, por un total de 1,698'30 horas .

Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1,108'00 horas.

Inspección de Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 110'00 horas.

Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 60'00 horas.

Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 173'00 horas.

Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 133'00 horas.

Conserxería, relación que se achega no expediente de horas realizadas por don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 56'00 horas.

Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Manuel Vila Bastos, por un total de 293'00 horas.

Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 339'00 horas.

O montante do presente expediente ascende a un total de 37,140'28 € (TRINTA E SETE MIL CENTO COARENTA EUROS CON VINTEOITO CÉNTIMOS).

61(1578).- MODIFICACION PUNTUAL DA RPT. EXPTE. 17476/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido pola xefa da Unidade de Persoal, do 6.08.07, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En instrucción do servizo de data 3 de agosto do 2007 o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou á Unidade de Persoal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local das modificacións nos postos de traballo na mesma indicados, concretadas en:

-Cambio de adscripción do posto de traballo denominado “coordinador do Servizo de Benestar Social” (código 060) existente no Servizo 301-Benestar Social, readscribíndoo ao Servizo 332-Educación, cambiando asimesmo a denominación do mesmo pola de “xefe/a do Servizo de Educación”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

-Cambio de adscripción do posto de traballo denominado “técnico medio de educación” (código 045) existente no Servizo 332-Educación, readscribíndoo ao Servizo 301-Benestar Social, cambiando asimesmo a denominación do mesmo pola de “técnico medio de admón. especial”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

Igualmente, na mesma Instrucción se propón a encomenda de funcións de coordinación dos diferentes servizos ou unidades administrativas integrados na Área de Educación, inclusive do Organismo Autónomo Municipal “Escola de Artes e Oficios” ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, deixando sen efecto a encomenda de funcións de dirección do dito organismo efectuada ao funcionario D. Jacinto Martín Barreras por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2006 e de todas aquelas outras que puidesen ter sido autorizadas na Área de Educación.

Os postos de traballo citados se atopan provisoriamente ocupados polos funcionarios municipais D. Rafael Ojea Pérez, con DNI 36.021230X e nº de persoal 14775, técnico superior de actividades culturais e educativas, e Dª Pilar Díaz de Bustamante, con DNI 33.214.076Y e nº de persoal 14568, técnica media de actividades culturais e educativas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A recente entrada en vigor o pasado 13 de maio do novo marco normativo constituído pola Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata o momento; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes. Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado precepto sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

II. De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal daccordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

III. Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPT ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

IV. As referidas transformacións non parecen implicar alteración do cadro de persoal presupostario aprobado polo Pleno do Concello en data 28/02/2005 (publicado no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, xunto coa RPT) xa que os postos de traballo citados teñen a condición de postos existentes na vixente RPT e contan coa correspondente dotación presupostaria plenariamente aprobada relativa ás prazas existentes no Concello de Vigo, susceptibles de seren encadradas nos distintos postos de traballo contidos na RPT.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión do mesmos.

V. En canto á encomenda de funcións proposta a favor do funcionario D. Rafael Ojea Pérez, cómpre sinalar que a mesma atopa amparo legal no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

VI. Vistas as consideracións e informes expostos, en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 07/08/2007, e considerando que a precedente proposta non implica modificacións retributivas nin devengos económicos, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar o cambio de adscripción do posto de traballo denominado “coordinador do Servizo de Benestar Social” (código 060) existente no Servizo 301-Benestar Social, readscribíndoo ao Servizo 332-Educación, cambiando asimesmo a denominación do mesmo pola de “xefe/a do Servizo de Educación”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

SEGUNDO.- Acordar o cambio de adscripción do posto de traballo denominado “técnico medio de educación” (código 045) existente no Servizo 332-Educación, readscribíndoo ao Servizo 301-Benestar Social, cambiando asimesmo a denominación do mesmo pola de “técnico medio de admón. especial”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

TERCEIRO.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de coordinación dos diferentes servizos ou unidades administrativas integrados na Área de Educación, inclusive do Organismo Autónomo Municipal “Escola de Artes e Oficios” ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, que estará adscrito ao posto de traballo anteriormente citado de “xefe/a do

Servizo de Educación”, deixando sen efecto a encomenda de funcións de dirección do dito organismo efectuada ao funcionario D. Jacinto Martín Barreras por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2006, así como aquelas outras que puidesen ter sido autorizadas na Área de Educación.

CUARTO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

QUINTO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

62(1579).- PROPOSTA DE CONTRATACION DE OFICIAIS FONTANEIROS CON CARGO A PRAZAS VACANTES CONTIDAS NA OEP 2005. EXPTE. 17434/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 13.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a dúas prazas vacantes de oficial fontaneiro (unha por promoción interna e outra pola quenda libre), ós aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións en cada unha das quendas das probas selectivas de que constou esta oposición, segundo proposta do tribunal cualificador:

- D. JOSE LUIS VAZQUEZ DE FRANCISCO, NIF 36.025.591-R, (promoción interna), que obtivo unha puntuación total de 16,03 puntos.

- D. BENITO FREIRÍA RODRÍGUEZ, NIF 36.105.845-P, (quenda libre), que obtivo unha puntuación total de 13,40 puntos.

Os aspirantes nomeados deberán ser contratados en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

63(1580).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA DE ALGUACIL. EXPTE. 17492/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 18.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de alguacil, ó seguinte aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que superou tódolos exercicios da oposición,

D. FERNANDO FERNANDEZ AMIL, con D.N.I. 36.022.162-E, que obtivo unha puntuación de 18,30 puntos.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 20 días hábiles a contar dende a recepción do presente acordo.

64(1581).- CESE DUN OPERARIO PEÓN CONTRATADO LABORAL TEMPORAL POR INTERINAXE POR EXECUCION DA OEP 2005. EXPTE. 17491/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 13.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar o remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador D. ANTONIO GONZALEZ VAZ, D.N.I. 36.078.477-X, con data 26 de setembro de 2005, para o desempeño da praza de operario-peón, con efectos económicos e administrativos dende o día 6 de setembro de 2007, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ó interesado, á Unidade de persoal, Organización e Métodos, xefa do Servizo de Educación, concelleira-delegada da área de Educación e, Intervención Xeral, ós efectos oportunos.

65(1582).- CESE DE TRES FUNCIONARIOS INTERINOS COMO DIPLOMADOS EN TRABAJO SOCIAL POR EXECUCION OEP 2005. EXPTE. 17489/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 13.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Cesar por imperativo legal, nas prazas de Diplomado/a en Traballo Social que actualmente ocupan a ó/ás funcionario/as interino/as D. DANIEL MERINO VAELLO, con NIF 35.454.356-V, D^a. M^a. AZUCENA MALVIDO RODRIGUEZ, NIF 78.739.579-E, e D^a. ANGELA GARCIA MARTIN, NIF 07.850.781-F, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de agosto de 2007.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ó/as interesado/as, á Unidade de persoal, Organización e Métodos, xefas de Coordinación e Planificación do Servizo de Benestar Social, Xefa do Departamento da Muller, concelleiras-delegadas das áreas de Benestar Social e Igualdade e, Intervención Xeral, ós efectos oportunos.

66(1583).- CESE DE DOUS AXUDANTES DE OFICIOS CON CONTRATO LABORAL POR INTERINAXE POR EXECUCION OEP 2005. EXPTE. 17490/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 13.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador D. MANUEL FRANCISCO SANMARTIN GARCIA, D.N.I. 35.972.860-D, con data 1 de abril de 2004, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 6 de setembro de 2007, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

SEGUNDO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador D. MARCIAL FERNANDEZ FERNANDEZ, D.N.I. 10.588.322-L, con data 8 de setembro de 2004, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 6 de setembro de 2007, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ós interesados, á Unidade de persoal, Organización e Métodos, xefa do Servizo de Educación, concelleira-delegada da área de Educación e, Intervención Xeral, ós efectos oportunos.”

67(1584).- PROPOSTA DE CONTRATACION DE OFICIAIS CONDUCTORES CON CARGO A PRAZAS VACANTES CONTIDA NA OEP 2005.EXPTE. 17433/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 13.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a 5 prazas vacantes de oficial conductor ós aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron a máxima puntuación das probas selectivas de que constou esta oposición, segundo proposta do tribunal cualificador:

| | |
|--|----------------|
| - D. JAVIER FERNÁNDEZ RIVEIRO, NIF 36.109.352-L, | 19,025 puntos. |
| - D. JOSÉ MANUEL VILLAYERDE VILLAYERDE, NIF 36.117.712-F | 16,775 puntos. |
| - D. OSCAR MOLARES BARGIELA, NIF 36.143.265-F, | 16,575 puntos. |
| - D ^a MARÍA MERCEDES AMOEDO MOREIRA, NIF 36.073.068-Y ... | 16,375 puntos. |
| - D. EUGENIO FALQUE FONTÁN, NIF 36.129.842-Q, | 15,750 puntos. |

Os aspirantes nomeados deberán ser contratados en réxime laboral fixo no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

68(1585).- PROPOSTA DE CONTRATACION DUN OFICIAL ALBANEL CON CARGO A PRAZA VACANTE CONTIDA NA OEP 2005. 17432/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 13.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a unha praza vacante de oficial albanel ó único aspirante que superou todos os exercicios e obtivo a máxima puntuación das probas selectivas de que constou esta oposición, segundo proposta do tribunal cualificador:

- D. FIDEL GOBERNA TRIGO, NIF 36.061.313-G, que obtivo un total de 16,55 puntos.

O aspirante nomeado deberán ser contratado en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo”

69(1586).- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES E ACCIÓNS CO OBXECTO DE DESENVOLVER O PLAN DE CALIDADE TURÍSTICA 2007. EXPTE. 2151/104. Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 17.07.07, conformado polo concelleiro de Turismo, Comercio e Industria, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria de subvencións para o ano 2007 (que de seguido se transcriben e o anexo obrante no expediente) segundo ás bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño de 2006, para actividades e accións encamiñadas a inscribirse no Plan de Calidade Turística do Concello, subvencións correntes.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000 € con cargo á partida 7510 4700000, subvencións correntes, do presuposto prorrogado para o ano 2007.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS 2007.

PRIMEIRO.-

En virtude do establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, Lei de Bases do Réxime Local, disposicións concordantes e de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xuño de 2006 (BOP do 22 de xuño de 2006), a Concellería de Turismo do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, destinadas a programas de actividades que se realicen con carácter público en Vigo durante o exercicio do 2007.

É dicir, convócase só o apartado correspondente a subvencións correntes, e non de capital, especificadas nas bases xerais vixentes.

SEGUNDO.-

A aportación municipal para esta convocatoria no ano 2007 ascende á totalidade de 30.000 €, con cargo á partida orzamentaria 7510 4700000 do orzamento prorrogado correspondente o ano 2007. En todo caso, a contía máxima da axuda por proxecto será de 3.000 €.

TERCEIRO.-

A publicación da convocatoria realizarase no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra ó longo do mes de agosto.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 01 de outubro de 2007. O prazo para resolver, conforme especifican ás bases xerais, rematará o 15 de novembro de 2007.

CUARTO.-

As solicitudes presentaranse no modelo que se engade como Anexo I, que se acompañará da documentación requirida nas bases desta convocatoria.

QUINTO.-

O prazo para a execución das actividades subvencionables rematará o día 15 de decembro de 2007.

70(1587).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UE II-03 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 4555/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 12.07.07, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Xunta de goberno local de 26.12.05 acordou o seguinte: “(...) PRIMEIRO: Estimar a alegación formulada por D. Ricardo Suárez Ramilo (Urbarrio SL) durante o trámite de información pública aberto no procedemento de referencia. Desestimar a alegación de D^a Elisa Pazos Beiro (Talleres Rouco SL) polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo. SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE II-03 San Andrés de Comesaña, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono e redactado polo arquitecto D. J. Enrique López Santander, na súa última versión, de novembro de 2005 (expte. 4555/401). TERCEIRO: Con carácter previo ó traslado do hórreo existente na parcela inicial núm. 16 presentarase na oficina municipal de Patrimonio Histórico unha proposta de relocalización, así como o proxecto de desmontaxe e reconstrucción. CUARTO: A Xunta de Compensación deberá pagar ou consignar as indemnizacións previstas no Proxecto de Compensación no prazo máximo de 6 meses. Tamén deberá inscribir o Proxecto de Compensación no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes inscritas de titularidade municipal. QUINTO: Notifíquese este Acordo ós propietarios do polígono, alegantes, xunta de compensación e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén á oficina municipal de patrimonio para que inscriba no rexistro de bens as parcelas adxudicadas ó Concello (...)”.

O mesmo órgano colexiado o 10.04.06 acordou o seguinte: “(...)PRIMEIRO: Desestima-lo Recurso de Reposición interposto por D^a Elisa Pazos Beiro, en representación da entidade mercantil "Talleres Rouco SL" contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/12/2005 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UE Ind. II-03 San Andrés de Comesaña, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo <expte. 4555/401> (...)”.

O 10.05.07 don Federico Fernández Cervera (e.r. da Xunta de Compensación) presenta escrito o 10.05.07 no que se solicita o seguinte: “(...) En consecuencia, y a los efectos de llevar a cabo las subsanaciones y rectificaciones solicitadas por el Registro de la Propiedad, se SOLICITA por esta Junta de Compensación del Concello de Vigo que se adopte acuerdo por el cual se complemente y rectifique el proyecto de compensación en los extremos reseñados en este escrito, haciéndose además expresa manifestación del resto de cuestiones planteadas, para su

debido traslado al Registro de la Propiedad como complemento del PROYECTO DE COMPENSACIÓN ya aprobado, para su inscripción registral (...). En síntese as rectificacións que se plantexan son as seguintes:

- Rectificación da descripción da finca aportada número tres do proxecto de compensación cuxo titular é “Talleres Rouco, S.L.”, no sentido de facer referencia que a mesma está gravada cunha carga hipotecaria a favor de “Sogarpo, SGR”.
- Certificación do acordo de 12.06.06 polo que se rectificaba o erro material da finca inicial número 11.
- Rectificación de certas porcentaxes nas parcelas de resultado.
- Incorporación dun cadro de liquidación provisional de cuotas de urbanización por fincas de resultado.

Logo do oportuno requerimento municipal o 6.07.07 don Federico Fernández Cervera (como presidente da Xunta de Compensación da UE Industrial II-03 San Andrés de Comesaña) achega certa documentación e solicita o seguinte: “(...) se tenga por presentada la documentación adjunta, a los efectos de aprobación de los acuerdos complementarios y rectificaciones del proyecto de compensación ya aprobado definitivamente para su inscripción en el Registro de la Propiedad número Tres de los de Vigo (...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Obxecto e natureza das rectificacións que se solicitan no proxecto de compensación aprobado pola XGL o 26.12.05.-As operacións que plantexa a Xunta de compensación da unidade de execución industrial II-03 San Andrés de Comesaña, son denominadas pola Doctrina como “operacións xurídicas complementarias” ó abeiro do artigo 174 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. As mesmas teñen por obxecto completar ou perfeccionar o instrumento reparcelatario, sen que tales operacións supoñan unha alteración substancial das previsións do mesmo. As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deben ser aprobadas por el órgano urbanístico actuante, con previa aprobación pola Xunta de compensación. Logo do oportuno requerimento municipal o achégase certificado do acordo da asemblea xeral de propietarios integrados na Xunta de Compensación da UE II-03 San Andrés de Comesaña de 8.05.07. Para a súa formalización o artigo 6º do real decreto 1093/97 permite a utilización dun certificado da Administración actuante.

2.- Rectificacións ou aclaracións que se propoñen.- As operacións xurídicas complementarias que se solicitan son as seguintes:

- 2.1 Rectificación da descripción da finca aportada número tres do proxecto de compensación cuxo titular é “Talleres Rouco, S.L.”, no sentido de facer referencia que a mesma está gravada cunha carga hipotecaria a favor de “Sogarpo, SGR”.: Apórtase certificación rexistral de data 27.06.07 na que se describe a finca rexistral que consta no libro 707, folio 219, inscripción 8ª, finca 43.885. Consta gravada cunha carga coa seguinte descripción: “(...) Con una hipoteca a favor de la SOCIEDAD DE GARANTÍA RECÍPROCA DE LA PEQUEÑA Y MEDIANA EMPRESA DE PONTEVEDRA Y ORENSE, SGR-SOGARPO, SGR.-, domiciliada en Vigo, calle Reconquista, 11 bajo, con CIF G-36.622.082, en garantía de CUATROCIENTOS VEINTE MIL EUROS de principal – constituido este principal por las cantidades que por nominal e intereses haya abonado Sogarpo SGR a la entidad prestamista-, más los intereses de los dos años al tipo del doce por ciento anual, más OCHENTA Y CUATRO MIL EUROS para costas y gastos. Constituida por su inscripción 7ª, al folio

219 del libro 709, practicada el veintiocho de febrero de dos mil tres, en virtud de escritura otorgada el veintiséis de diciembre de dos mil dos, ante el Notario de Vigo don José Antonio Rodríguez González (...). En virtude do disposto 119 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o 11 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo de aprobación do regulamento hipotecario urbanístico, trátase da existencia dunha carga ou gravamen nunha finca de orixe, compatible co planeamento e que debe subsistir. Consecuentemente, en atención ó previsto no artigo 11, debe facerse expresa constancia de que se debe trasladar a carga hipotecaria á cuota de propiedade que se lle adxudica a “Talleres Rouco, S.L.” na parcela de resultado “Parcela A” (provinte da parcela de orixe 3). A carga hipotecaria en ningún caso afecta ás cuotas de participación do resto dos copropietarios. Do presente acordo se debará dar conta á entidade “Sociedade de garantía recíproca de la pequeña y mediana empresa de Pontevedra y Orense, SGR-SOGARPO, SGR” para o seu coñecemento. De dita circunstancia debe quedar constancia no expediente ó abeiro do disposto no apartado 11º do artigo 7º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo.

2.2 Certificación do acordo de 12.06.06 polo que se rectificaba o erro material da finca inicial número 11.- Achegarase certificación xunto coa notificación do acordo que se adopte.

2.3 Rectificación de certas porcentaxes nas parcelas de resultado.-Da realización de cálculos no proxecto de compensación e en función da utilización dun número determinado de decimais, o resultado final para a parcela “C” de 100,01 % e “D” o 99,99 %. Polo tanto, procede asumir a rectificación plantexada pola Xunta de Compensación no sentido de concretar a participación do Ministerio de Fomento (parcela C) unha cuota de 1,83 % en vez de 1,84% e na parcela “D” adxudicada a don Juan Pérez Fernández e outros se lle adxudica unha porcentaxe de 7,91 % en lugar de 7,90 %.

2.4 Incorporación dun cadro de liquidación provisional de cuotas de urbanización por fincas de resultado.-Realizados os correspondentes actos de comprobación do cadro, se constata que o mesmo se axusta ó contido do proxecto de compensación aprobado e polo tanto, non existe inconvinte en incorpora-lo ó expediente.

2.5 Xustificación do coñecemento por parte do Ministerio de Fomento da tramitación do expediente de aprobación municipal do Proxecto de compensación.- Consta no expediente notificación ó Ministerio de Fomento do acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación (XGL 26.12.05) e da rectificación do erro material (XGL 12.06.06).

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a aprobación á Xunta de goberno local.

Polo tanto, á vista do informado, se formula a seguinte PROPOSTA

1.- Acordar a realización da operación xurídica complementaria do proxecto compensación da Unidade de execución II-03 San Andrés de Comesaña aprobado definitivamente polo acordo da XGL o 26.12.05, no sentido de incluír a referencia mencionada no punto 2.1 do presente informe. Dar conta da presente resolución á “Sogarpo, SGR” para o seu coñecemento o abeiro do disposto no apartado 7º, do artigo 11º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo.

2.- Rectificar no proxecto de compensación da “UE II-03 San Andrés de Comesaña” as referencias da parcela “C” e “D” ás que se fixo referencia no punto 2.3.

3.- Incorporar o cadro de liquidación provisional de cuotas de urbanización por fincas de resultado aprobado e aportado pola Xunta de Compensación.

4.- Deixar constancia que o Ministerio de Fomento tivo coñecemento do expediente tanto na súa fase inicial como na aprobación definitiva.

5.- Remitir á Xunta de compensación a certificación á que se alude no punto 2.2 do presente informe.

6.- Comunicar ós interesados que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

71(1588).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO 42 DO PERI DO CALVARIO. EXPTE. 4111/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 31.07.07, conformado polo director adxunto da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O 1.03.99 foi aprobado definitivamente o proxecto de compensación do polígono 42 do Plan especial de reforma interior do Calvario (expte 4111/401).

O Estudio de Detalle do polígono sufriu diversas modificacións o que conlevou á propia modificación do proxecto de compensación no que respecta ás parcelas C-D-F-G-Q. En data 24.03.01 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo apropiou o texto refundido do proxecto de compensación.

Don Armando Freire González, en representación da entidade “FREIP, S.A.”, como titular dun dereito de propiedade da parcela “I” presenta o 15.01.07 escrito no que se solicita a rectificación do dato no proxecto de compensación na orde de que figure no mesmo a superficie real de 310 m², “(...) no implica ningunha alteración urbanística de lo aprobado, al ser irrelevante al mantenerse el sólido marcado, el volumen adjudicado y los límites que actualmente existen de la parcela (...)”.

Consta no expediente plano topográfico do departamento de cartografía coas medicións e cotas do proxecto de compensación concluíndo que a parcela ten unha superficie real de 296,00 metros cuadrados e non os 234,90 m² que figuran no proxecto de compensación na súa versión refundida. Segundo o informe do director adxunto da oficina de planeamento e xestión de 12.02.07 esta diferenza afecta á superficie de ocupación baixo rasante da parcela, pasando de 234,90 a 296,00 m², non alterando nin ó volume máximo nin alturas nin á ocupación do sólido que se manteñen tal como figuran no proxecto de compensación.

O 11.07.07 don Armando Freire González presenta escrito no que se comunica o seguinte: “Que trlo seu recigo intentouse por todos os medios buscar a viabilidade de que a Xunta de Compensación de dito polígono <que ao día de hoxe non está disolta>, poidese tomar o acordo a que se fai referencia no escrito. Que dada a realidade

actual despois de múltiples transmisións das propiedades e practicamente todas constituídas por xuntas de comunidades, faise imposible na práctica acadar un acordo das características sinaladas no escrito recibido. Polo que pola presente, Solicita: que se tomen as medidas necesarias para solventar o problema surdido co erro que se detectou na documentación, e se poda realizar no texto refundido do proxecto de compensación a rectificación da superficie ponendo a determinada polo departamento de cartografía do Concello de 296,00 m2 (...).”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Natureza da rectificación que se propoñe do proxecto de compensación.-* O artigo 174 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, reza o seguinte: “(...) Las operaciones jurídicas complementarias que sean del caso, que no se opongan al proyecto de compensación ni al plan que se ejecute, una vez aprobadas por el órgano urbanístico, se formalizarán por la Junta de Compensación en escritura pública o en documento extendido por el órgano urbanístico actuante, con los requisitos y solemnidades propios de las actas de sus acuerdos, que se protocolizarán notarialmente. En ambos casos se procederá a su inscripción en el Registro de la Propiedad (...)”. Regúlase neste precepto as denominadas operacións xurídicas complementarias son definidas por Tomás Ivorra Ardite (“Las operaciones jurídicas complementarias: normativa, jurisprudencia y resoluciones de la Dirección General de los Registros y del Notariado”, Revista de Derecho Urbanística. Novembro 2006) como aquél acto administrativo de carácter urbanístico que altera de xeito non substancial e perfecciona o instrumento de reparcelación orixinario, sen contradecir nin opoñerse ó mesmo nin ó plan que se execute. O límite das mesmas son as alteracións substanciais ou revisións de reparcelación. A proposta de rectificación que se propoñe, segundo o informe técnico, ven derivada dunha indebida consideración da superficie real da parcela “I” do proxecto de compensación. A rectificación que se propoñe non afecta a participación dos titulares das fincas aportadas nen a cuantificación do aproveitamento urbanístico atribuído ás fincas resultantes.

2.- *Procedemento de aprobación da operación xurídica complementaria.-* As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deberán ser aprobadas polo órgano urbanístico actuante, con previa aprobación da Xunta de Compensación. Dos datos obrantes no expediente a Xunta de Compensación do polígono 42 do Calvario, non está disolta. Non obstante, según o informado polo solicitante da operación xurídica complementaria, pese a non estar disolta resulta inviable requerir a aprobación da mesma dada a pluralidade de transmisións que se realizaron dende o cumprimento das obrigas da Xunta de Compensación.

3.- *Órgano competente para a adopción do presente acordo.-* De acordo co previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local a competencia para a adopción do presente acordo está atribuída á Xunta de goberno local.

Polo tanto, á vista do informado, se PROPOÑE a adopción do seguinte acordo:

1.- *Realizar a operación xurídica complementaria do proxecto de equidistribución do “polígono 42 do Plan Especial de reforma interior do Calvario (expte 4111/401)” no sentido de reflexar a superficie real da parcela “I” do proxecto de compensación, debendo figurar 296,00 m2 en lugar dos 234,90 m2 que figuran no proxecto de equidistribución.*

2.- *Comunicar ós interesados que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

72(1589).- ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL DO POLÍGONO DELIMITADO POLA RÚAS SAN XOÁN E PADRE CELSO. EXPTE. 4750/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 7.06.07, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local deu aprobación definitiva ó proxecto de equidistribución e cambio de sistema de actuación a concerto do polígono delimitado entre as rúas San Xoán e Padre Celso (expte. 4508/401). No punto terceiro da parte dispositiva do acordo, se resolveu o seguinte: "(...) Incoar un procedemento de concurso por procedemento aberto para o alleamento do aproveitamento urbanístico atribuído ó Concello neste polígono, segundo o disposto no art. 177.2 Lei 9/02, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, modificada pola Lei 15/04, do 29 de decembro (...)"

O Consello da XMU acordou o 2.03.06 a adopción duns criterios para a xestión do Patrimonio municipal do solo.

En data 29.05.06 o técnico en admón xeral da oficina de planeamento e xestión asina proposta de pregos de cláusulas administrativas.

Por acordo do Consello da XMU de 16.11.06 se declarou deserto o concurso no contrato administrativo especial para o alleamento do aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello no polígono de referencia.

O 11.05.06 o técnico da admón xeral asina nova proposta de pregos de cláusulas administrativas.

No expediente consta informe de Secretaría da XMU de 31.05.07 (ex 113 do real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, 49 e disposición adicional IX do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño). Asígnense como fundamentos xurídicos da presente proposta o contido do informe de Secretaría de 31.05.07.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Natureza do contrato de alleamento dos aproveitamentos municipais atribuídos no polígono delimitado entre a rúa San Xoán e Padre Celso.- O apartado segundo do prego de cláusulas administrativas establece que a natureza xurídica do contrato é especial. En atención o disposto no artigo 5.1.b do real decreto legislativo 2/2000, por entender que cumpren unha finalidade pública que ven propiciada pola xestión do patrimonio municipal do solo e o deber da Administración de controlar o destino do mesmo. En efecto, a Administración municipal ten competencias en materia de urbanismo e xestión do solo. Toda a actuación que desenvolva debe ir necesariamente a satisfacer unha finalidade pública e dirixida ó interese xeral (artigo 103 CE). O preámbulo da Lei 15/04, anticipa as medidas adoptadas para dar cumprimento o mandato constitucional de garantía dunha vivenda digna e regulación do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación (artigo 47 CE). Entre as medidas adoptadas, se encontra a regulación do alleamento do patrimonio municipal do solo a través do sistema de concurso, no que se valoren criterios como o prezo de venda ou alugamento das futuras vivendas e outros obxectivos de carácter urbanístico non especulativo. Polo tanto a natureza especial do contrato ten o seu fundamento no cumprimento destas finalidades previstas na lexislación e normativa sobre vivenda e urbanismo. A Xurisprudencia e a propia Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, están extendendo a natureza administrativa a certos contratos de transcendencia patrimonial. Entre as consecuencias prácticas de calificar o

presente contrato como de natureza especial, é que se aplica a lexislación sobre contratos das Administracións Públicas e as normas sobre urbanismo e vivenda con carácter preferente. En consecuencia, a Administración na tutela dos intereses que constitucional e legalmente lle ven atribuídos, pode utilizar todas as facultades de privilexio e superioridade na relación contractual que lle outorga a lexislación de contratos das Administracións Públicas. Entroutras o Concello poderá interpretar o contrato, resolvelo cando se dean certas condicións, impoñer sancións ou penalidades etc...sempre en todo caso respetando o dereito dos adxudicatarios á defensa dos seus intereses.

Segundo.- Procedemento e forma de adxudicación.- No prego de cláusulas administrativas, establecece como procedemento o aberto e a forma o concurso. Polo tanto, dase cumprimento ó previsto no artigo 177 da Lei 9/02, de 30 de xuño. Coa nova redacción dada pola Lei 15/04, se impide a monetarización do aproveitamento legalmente atribuído ó Concello, pese a redacción prevista no artigo 236 da Lei 9/02. Do incumprimento do procedemento establecido se pronunciou no ano 2002 o Tribunal Superior de Xustiza da Rioxa (193/2002-JUR 487/2000) declarando a nulidade dun convenio urbanístico no seguinte sentido: "(...) Los convenios urbanísticos constituyen una manifestación de la participación de los administrados en el ejercicio de las potestades urbanísticas que corresponden a la Administración. El carácter jurídico-público de estas potestades no excluye, en una concepción avanzada de las relaciones entre los ciudadanos y la Administración, la intervención de aquéllos en aspectos de la actuación administrativa susceptibles de compromiso (...) dichos terrenos del patrimonio municipal, ha de aplicarse el artículo 169 <los terrenos pertenecientes al patrimonio municipal del suelo con claificación adecuada a los fines establecidos en el artículo anterior, serán enajenados en virtud de concurso> y por tanto el citado convenio urbanístico (...) sólo es posible cuando no sean contrarios a normas imperativas (...)". A citada Sentenza foi confirmada polo Tribunal Supremo. A peculiaridade do presente procedemento é que se licitan dos lotes correspondentes ós aproveitamentos atribuídos ó Concello nas parcelas 2 e 3. O obxecto do contrato se divide en dous lotes ambos de natureza residencial pero con distinta ordenanza.

Terceiro.- Criterios de adxudicación do contrato.- Prevese a división do obxecto do contrato en dous lotes. O primeiro consistente nun aproveitamento en proindiviso dunha parcela destinada a vivenda colectiva. Neste caso os criterios de adxudicación contidos no prego de cláusulas administrativas consisten na valoración do prezo ofertado polo aproveitamento, o menor prezo sobre o máximo de alleamento das fincas resultantes, a participación no aproveitamento da parcela e o menor prezo de aluguer das fincas resultantes. Trátanse de criterios de adxudicación obxetivos que observan os principios básicos da contratación administrativa de concurrencia, igualdade e non discriminación, todo elo de acordo co previsto no artigo 86 do real decreto lexislativo 2/2.000. Considéranse como desproporcionadas as ofertas que incrementen o prezo de adxudicación nun 10% evitando deste xeito un alza excesivo do prezo do solo que poida despois ser repercutida no adquirente das vivendas. Con respecto ó lote cuxo obxecto é un aproveitamento en proindiviso sobre una parcela destinada a uso de vivenda unifamiliar, se establecen uns criterios propios consistentes na valoración do prezo, o compromiso de promoción privada de vivenda protexida, a experiencia na promoción de vivenda protexida e por último, a participación do Concello no aproveitamento da parcela. A utilización destes criterios e a súa acomodación ó contido da Lei 9/02, de 30 de decembro, foron informados favorablemente polo Secretario da XMU.

Cuarto.- Contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas previsto no artigo 177 da Lei 9/02.- De acordo coa nova redacción dada pola Lei 15/04 ó artigo 177 da Lei 9/02, o prego de alleamento de patrimonio municipal do solo ten un contido mínimo. O mesmo é abordado no prego de cláusulas administrativas, con medidas tales como o establecemento dos prazos para o inicio e a terminación da obra -pese a que se trata dun aproveitamento municipal adxudicado en proindiviso con outros propietarios, o dereito de tanteo e retracto, establecemento de prezo final máximo da vivendas de resultado e do propio aproveitamento, regulación do prezo máximo de aluguer, regulación de certas causas de resolución dos contratos, imposición de penalidades etc... En relación coa proposta asinada polo Concelleiro delegado de urbanismo e o Xerente municipal de data 2.01.06, trae causa no

presente prego na omisión do establecemento dun prezo máximo de alleamento das vivendas resultantse. Non obstante, si que se fixan certas limitacións e medidas para evitar alzas excesivas do prezo da vivenda. A proposta aludida basease primordialmente na inaptitude de determinado solo para o cumprimento das finalidades propias do patrimonio municipal do solo. Utilizando como referencia os índices máximos de repercusión do solo para a promoción de vivenda protexida tanto estatal como autonómica (real decreto 801/2005, de 1 de xullo, real decreto 3148/78, de 10 de novembro, Decreto da Xunta de Galicia 257/2004, de 29 d e outubro etc...), se fixan uns criterios para a xestión e alleamento do patrimonio municipal.

Quinto.- Valoración do aproveitamento atribuído ó Concello.- Tendo en conta o previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, o patrimonio municipal do solo non se poderá allear por prezo inferior ao do seu aproveitamento urbanístico. Consta no expediente informe de valoración do mesmo emitido polo director adxunto da oficina de planeamento e xestión de data 23.04.07. Valoranse os aproveitamentos en 47.103,80 € (lote 1) e 248.584,25 (lote 2) €, máis o IVE que corresponda.

Sexto.- Necesidade de que a participación do Concello no aproveitamento da parcela esté depurado xurídicamente.- En atención ó disposto na lexislación patrimonial das Administracións Públicas, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, deberá depurarse física e xurídicamente o aproveitamento do Concello. Os mesmos están inscritos no Rexistro da Propiedade, dada o acceso do proxecto de equidistribución ó mesmo.

Séptimo.-Destino dos recursos obtidos no alleamento do patrimonio municipal do solo.- Dada a súa condición de patrimonio afecto a unhas determinadas finalidades, o importe do alleamento deberá ir destinado ás finalidades previstas no artigo 276.2 do TxRLS92, en concreto, unicamente a súa conservación e ampliación.

Séptimo.- Órgano de contratación.- De acordo co previsto nos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, o decreto de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local nos órganos da XMU e o artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril (redacción dada pola Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do expediente e a adxudicación do mesmo corresponde ó Consello da XMU.

Por todo elo, en atención o previsto no artigo 67 do real decreto lexislativo 2/2.000, de 16 de xuño, PROPONSE A ADOPCIÓN DO PRESENTE ACORDO:

1.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas contida no anexo do presente informe e consecuentemente proceder á apertura do procedemento de adxudicación. Con carácter previo deberase achegar informe de fiscalización ó abeiro do disposto no real decreto lexislativo 2/2004.

2.- Proceder á publicación de anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e no Diario oficial de Galicia. Consonte o artigo 122.2 do real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, a exposición do prego de cláusulas administrativas particulares e do anuncio para a presentación de proposicións realizarase conxuntamente, puidéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA O ALLEAMENTO DOS APROVEITAMENTOS URBANÍSTICOS CORRESPONDENTE Ó CONCELLO INTEGRADOS NO POLÍGONO DELIMITADO ENTRE AS RÚAS SAN XOAN DO MONTE E PADRE CELSO.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo acordou o 16.11.06 a declaración de deserto do concurso no expediente de contratación administrativa especial para o alleamento do aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello integrado no polígono polas rúas S. Xoan e Padre Celso.

Constitúe o obxecto do presente prego de cláusulas administrativas a regulación do procedemento licitatorio polo que se vai rexer o alleamentos dos aproveitamentos urbanísticos das parcelas que a continuación se describen.

Emprazamento e características das parcelas.-

Primeiro lote.- Parcela "2" urbanizada a solar destinada á edificación. Dispón dunha superficie de 552,495 m2 e cos seguintes lindeiros:

Norte, En liña de trece metros con Antonio Llauger e en liña de nove metros co Adro da Igrexa de San Xoán.

Sur, En liña de vinte metros con parcela resultante nº1.

Leste, En liña de vinte e un metros con Arturo Alonso Méndez.

Oeste, En liña de vinte e oito metros con vial de nova creación.

Correspóndelle unha superficie edificable de 276,247 m2 construídos para o uso de vivenda unifamiliar suxeita á ordenanza 1.3.B dos cales o 20% (55,249 m2 construídos), lle corresponden ó Concello en concepto de 10% do aproveitamento da unidade de execución. A parcela está libre de cargas de urbanización de acordo co artigo 20 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, modificada pola Lei 15/04.

Segundo lote.- Parcela "3" urbanizada a solar destinada á edificación. Dispón dunha superficie de 1.368,010 m2 e cos seguintes lindeiros:

Norte: En liña de trinta metros coa rúa San Xoán e en liña de once metros con Luis Iglesias.

Sur: En liña de catorce metros con Jose Táboas e en liña de quince metros con CCPP da rúa Aragón nº 138.

Leste: En liña de trinta e sete metros con rúa de nova creación.

Oeste, En liña de dezoito metros con Luis Iglesias, en liña de dezasete metros con CCPP da rúa Aragón nº 140 e en liña de nove metros con CCPP da rúa Aragón nº 138.

Correspóndelle unha superficie edificable de 1.796,197 m2 construídos para o uso de vivenda colectiva suxeita á ordenanza 1.2 dos cales o 10% do aproveitamento da unidade de execución. A parcela está libre de cargas de urbanización de acordo ó artigo 20 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, modificada pola Lei 15/04.

As restantes circunstancias urbanísticas e relativas á propiedade e a depuración física e xurídica da parcela obran no expediente que se poderá consultar nas dependencias do servizo de xestión e planeamento desta Xerencia.

Para os efectos do presente prego de cláusulas administrativas, enténdese como anexo inseparable de cada vivenda, unha praza de aparcamento e un rocho, con independencia de que non se teñan en conta para os efectos de determinar o prezo máximo de alleamento (apartado 17.5.2).

No proxecto constructivo deberá procurarse que as fincas resultantes que deban estar sometidas ó réxime previsto no presente prego de cláusulas administrativas, teñan independencia con respecto o resto da propiedade.

2. NATUREZA XURÍDICA.

O contrato que regula o presente prego de cláusulas administrativas ten natureza especial de acordo co previsto nos artigos 5.2.b e 8 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, en adiante LCAP.

3. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

De acordo co previsto no artigo 177.2 da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (modificada pola Lei 15/04, de 30 de decembro), en adiante LOUG, o procedemento a utilizar é o aberto e a forma de adxudicación o concurso. De acordo coa proposta asinada polo Xerente municipal de Urbanismo e o propio Concelleiro delegado de urbanismo de data 02.01.05, descártase a utilización do presente aproveitamento para destina-lo a vivenda sometida a algún réxime de protección.

4. TIPO DE LICITACIÓN.-

Segundo o disposto no artigo 177.2 da LOUG, o alleamento dos bens do patrimonio público do solo non será por prezo inferior ó do seu aproveitamento urbanístico, de xeito que as ofertas o serán polo tipo ó alza, sendo desbotadas as proposicións por debaixo do mesmo.

De acordo coa valoración realizada polos servicios técnicos municipal o tipo de licitación será o seguinte: 26.563,72 € para o lote 1 e 152.076,22 € para o lote 2. Dada a repercusión do solo no produto inmobiliario, óptase por realizar unha política de alzas inxustificadas de prezos, sen que sexa necesario someter o alleamento do aproveitamento nun réximen de protección diferente o previsto no presente prego de cláusulas administrativas.

O IVE engadirase ó prezo de adxudicación ó efectuarse a mesma.

5. GASTOS.

Serán de conta do adxudicatario todos os impostos e gastos de calquera tipo que deriven do presente contrato, incluídos os de publicación así como os de outorgamento da escritura pública e as súas copias e os correspondentes á inscrición no Rexistro da Propiedade. A acreditación do pago dos anteditos gastos deberá xustificarse segundo o disposto na condición 12ª. O importe máximo dos gastos que deberá asumir o adxudicatario é de 1.000 € para cada ún dos adxudicatarios dos dous lotes que se someten a licitación.

6. GARANTÍAS.

6.1. Garantía provisional.

Para poder concorrer ó concurso os licitadores deberán constituir unha garantía provisional, equivalente ó 2% do tipo de licitación incrementado polo IVE correspondente, por un importe de 616,27 € para o lote 1 e 3.528,16 € para o lote 2.

6.2. Garantía definitiva.

Unha vez adoptado o acordo de adxudicación será notificado ó interesado para que no prazo de quince días deposite a garantía definitiva correspondente ó 4% do importe de adxudicación incrementado polo IVE.

6.3. Formas.

As garantías serán prestadas nas formas previstas na LCAP e no do Real Decreto 1.098/2.001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en adiante RCAP.

Para a admisión de garantía provisional e definitiva, os avais deben ser solidarios respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e pagadeiro ó primeiro requerimento da Tesourería municipal. Así mesmo, deberá ser de duración indefinida, permanecendo vixente ata que se resolva expresamente a procedencia da súa devolución.

6.4. Devolución e incautación.

As garantías serán incautadas ou devoltas nos termos previstos no presente prego e na LCAP e no RCAP.

7. REQUISITOS DE CAPACIDADE

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional e non estean afectadas por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 20 da LCAP e concordantes do RCAP.

Asemade poderán presentar proposicións as unións de empresarios nos termos previstos no artigo 24 da LCAP e concordantes do RCAP, a duración desta será coincidente ca do contrato ata a total extinción das obrigas previstas no presente prego.

8. EXPOSICIÓN SIMULTÁNEA DO PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS E DO ANUNCIO PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

Consonte o artigo 122.2 do real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, a exposición do prego de cláusulas administrativas particulares e do anuncio para a presentación de proposicións realizarase conxuntamente, puidéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio. A licitación suspenderase no suposto de que se formularsen reclamacións contra o prego e reanudarase polo prazo que reste a partires do día seguinte ó da resolución daquelas.

9. PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

9.1. Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para tomar parte da licitación presentaranse en dous sobres pechados, no Rexistro Auxiliar da Xerencia Municipal de Urbanismo, de luns a venres de 9.00 a 13.30 e sábados no Rexistro Xeral do Concello, de 9.00 a 13.00.

O prazo de presentación será de 26 días hábiles contados a partires do seguinte ó da derradeira publicación, ben no BOP ou no DOG.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta por fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcurridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen ser recibida a proposición, ésta non será admitida en ningún caso.

9.2. Forma.

Os licitadores presentarán dous sobres pechados por cada lote que se licite e asinados por eles mesmos ou persoa que os represente, nos que se indicarán ademáis da razón social e denominación da entidade concursante, o título de "PROCEDIMIENTO LICITATORIO DE ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO CORRESPONDENTE O POLÍGONO DELIMITADO ENTRE A RÚA SAN XOÁN DO MONTE E PADRE CELSO INTEGRANTE NO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO-LOTE". Estes sobres conterán: o primeiro, "SOBRE A", a documentación esixida para tomar parte na licitación; o segundo, "SOBRE B", a proposición económica e técnica axustada ó modelo que se inclúe neste prego e demais documentación que se detalla no ANEXO I.

A) "SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".

En dito sobre, deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- a) Capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditada mediante escritura de constitución e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial. No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade.
- b) Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 20 de la Lei de Contratos, que comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas por las disposicións vixentes. A acreditación desta circunstancia poderá facerse por cualquera dos medios sinalados na normativa de contratación pública.
- c) Poder debidamente bastantado ó efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

- d) *Resgado de depósito da garantía provisional ou aval polo importe previsto no presente prego.*
- e) *Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e, de xeito preferente:*
- *Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.*
 - *Relación das principais actuacións ou promocións de edificacións de vivendas executadas nos anteriores anos.*
- Non obstante esta acreditación poderase realizar por cualquera medio establecido nos artigos 16 e 18 de la Lei de Contratos.*
- f) *Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.*

B) "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA-TÉCNICA".

Presentarase según o modelo incluído no anexo I e obrigatoriamente deberá ser asinada pola persoa que teña a representación que corresponda.

NOTA: O licitador poderá presentar a documentación esixida mediante orixinais ou mediante copias destes debidamente validados, ben por Notario ou ben compulsados por funcionario desta Administración habilitado para o efecto.

9.3. Vinculación do licitador ó presente prego.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que se reunen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

O feito de presentar unha proposición para o concurso constitúe o licitador na obrigaón de cumprir o contrato que lle fose definitivamente adxudicado.

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a adxudicación do concurso, terase en conta o contido mínimo do artigo 177 da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se describen a continuación, por orde decrecente de importancia, tal e como se prescribe no artigo 86 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

10.1.- *Maior prezo sobre o tipo de licitación do aproveitamento urbanístico derivado da participación do Concello na parcela descrita na cláusula primeira do prego de condicións (de 0 a 10 puntos).*

Valorarase o presente punto en función da porcentaxe de incremento do prezo tipo de licitación, ata un máximo de 10 puntos. Quedarán excluídas as ofertas que propoñan a adquisición por un prezo superior ó 10% sobre o tipo de licitación.

10.2.- Menor prezo sobre o prezo máximo de alleamento das fincas resultantes correspondentes ó aproveitamento urbanístico do Concello por metro cadrado útil (de 0 a 5 puntos).

Valorarase o presente punto en función da porcentaxe de rebaixa do prezo estimado de alleamento de metro cadrado de superficie útil. Quedarán excluídas as ofertas que propoñan o alleamento dos pisos resultantes por un prezo inferior ó 10% sobre o estimado e contido na cláusula 17.5.2 do presente prego.

10.3 Participación no aproveitamento da parcela (de 0 a 5 puntos).

Naquel caso que o licitador sexa titular dun dereito sobre a parcela que supoña unha porcentaxe sobre o aproveitamento materializable maior ó 50%, asignaráselle unha puntuación de 5 puntos. Cando a porcentaxe de participación é inferior ó 50% pero superior ó 20%, outorgaráselle unha puntuación de 2.5 puntos. Para participacións inferiores ó 20%, corresponderalle unha puntuación de 1 punto.

10.4.- Menor prezo de aluguer das fincas resultantes correspondentes ó aproveitamento urbanístico do Concello (de 0 a 2 puntos).

Será obxecto de valoración cunha puntuación máxima de dous puntos, en función do porcentaxe de rebaixa do prezo máximo de aluguer contido na cláusula 17.5.3.

11. MESA DE CONTRATACIÓN.-

A Mesa de contratación estará composta polos seguintes membros:

Presidente: O Vicepresidente da XMU.

Vocais: O Secretario da XMU.

O Interventor da XMU.

O Xerente da XMU.

Un/unha arquitecto/arquitecta municipal da oficina de planeamento e xestión urbanística da XMU.

O Xefe dos servicios centrais da XMU.

Secretario: Un/unha funcionario/a administrativo/a da Secretaría da XMU.

12. ACTO DO CONCURSO.

A Mesa de licitación constituirase no salón de xuntas da XMU ás 12 horas do décimo día hábil seguinte ó que finalice o prazo de presentación de proposicións, estimándose inhábiles a estes efectos os sábados. Non obstante, a Mesa poderá constituírse dúas horas antes para os efectos de apertura do sobre A.

Dada lectura do anuncio, a Presidencia advertirá ós que concorran que poden examinar as plicas presentadas, cotexalas cos respectivos asentos do Libro de Rexistro, solicitar as aclaracións e formular as observacións que estimen pertinentes ata o momento en que comece a apertura dos sobres, unha vez comezado este acto non se admitirá interrupción ningunha.

A Presidencia abrirá, en primeiro lugar, o sobre A, examinará a documentación esixida para concursar asistido do Secretario e rexeitará aquelas propostas que non reúnan os requisitos establecidos para concursar, procedendo segundo o establecido no artigo 81 do RCAP.

En segundo lugar, abrirá o sobre que contén a proposición económica e demais criterios fixados no presente prego, procedendo segundo o establecido nos artigos 83 e 84 do RCAP.

A existencia de defectos subsanables na documentación esixida para concorrer non suspenderá a apertura do sobre "B", salvo a aqueles licitadores que fosen excluídos por adolecer de defectos non subsanables.

Se como consecuencia das protestas formuladas resultase excluído o mellor oferente, proporase a adxudicación do concurso á seguinte mellor oferta.

Se resultase empate entre as mellores ofertas, seleccionarase aquela que prevea un menor prezo de venda e aluguer sobre o máximo establecido. En caso de persistir o empate procederase por sorteo.

A proposta de adxudicación quedará condicionada a que o licitador proposto acredite no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción da notificación do requirimento que se lle faga de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. Asemade, en igual prazo, achegará o xustificante de pago do importe dos anuncios derivados da licitación.

Se da documentación achegada resultase que o licitador proposto está incluído en prohibición de contratar, farase nova proposta de adxudicación a favor do licitador que obtivese a seguinte mellor puntuación.

Poderá a Presidencia establecer un ou varios periodos de descanso na celebración do acto cando por razóns de diversa índole o estime convinte.

13. RECLAMACIÓN.

Se algunha solicitude ou documentación fose rexeitada por non axustarse ó prego de condicións e se formulase proposta ou reclamación polo autor da mesma, reservará a Mesa a documentación presentada para que á súa vista poida o órgano competente acordar o que proceda.

14. ACTA.

A acta de licitación extenderase polo Secretario, que fará constar necesariamente: o lugar, día e horario en que se celebre o acto, a composición da Mesa, o número total da documentación presentada co nome dos licitadores, expresión das admitidas, relación das rexeitadas, consignando as protestas ou reclamacións formuladas durante o acto de licitación e o nome dos que as promovesen, uníndose tamén á acta as ofertas que se realizasen e a proposta de adxudicación.

A Acta conterà, se é o caso, as propostas ou reclamacións que exclusivamente sobre o seu contido ou redacción fisexen ós interesados, será asinada polos membros que constitúen a Mesa, así como polos licitadores reclamantes. Por razóns de funcionalidade, materiais ou de tempo, a acta poderá redactarse en momento posterior ó levantamento da sesión.

15. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

A documentación dos licitadores, a excepción da que corresponda ó sinalado como mellor oferente e a daqueles que promovesen protestas, devolverase ós interesados no prazo de 3 meses, a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, asinando o retirei da mesma o pé do escrito solicitando tomar parte no concurso. Estes escritos e todos aqueles en que se consignaron as posturas promovidas, uniranse ó expediente do concurso.

Transcorrido o prazo dun ano dende a presentación da documentación achegada polos licitadores sen que procedesen á súa recollida, a Administración poderá dispoñer a súa destrución.

16. APROBACIÓN.

A acta da Mesa de contratación coas propostas de adxudicación, previa fiscalización pola Intervención municipal, xunto co informe-proposta sobre as reclamacións ou protestas plantexadas elevarase ó órgano competente para a súa resolución. O acordo de adxudicación notificarase a todos os licitadores.

17. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

17.1. Constitución e devolución da garantía definitiva.

Os adxudicatarios deberán constituir a garantía definitiva no prazo improrrogable de quince días, contados desde que se lle notifique a adxudicación do contrato nos termos que se recollen no presente prego.

A garantía definitiva será devolta unha vez sexan comunicadas a esta Administración as primeiras vendas de todas as vivendas construídas, en todo caso nunca será devolta antes de ser obtida a licenza de primeira ocupación. No caso de que se produza a cesión do contrato, o cesionario deberá constituír nova garantía definitiva.

17.2. Pago do prezo.

O importe do prezo que o adxudicatario abonará ó Concello será o que figure no acordo de adxudicación definitiva, de conformidade co resultado da adxudicación.

O pago do prezo poderá realizarse en dous prazos:

a) Nun prazo de 30 días contados desde a notificación da adxudicación definitiva chegarase o importe do 50% do total do prezo incluída a parte correspondente ó IVE.

b) O resto farase efectivo no mesmo día de formalización da escritura pública.

Os pagos faranse mediante talón bancario ou transferencia ó número de conta 20800000770040254209 (titular XMU do Concello de Vigo, CIF P 8605706D).

17.3. Elevación a pública da escritura.

Os contratos formalizaranse en escrituras públicas no prazo de tres meses a contar dende a notificación ó interesado do acordo de adjudicación definitiva. A estes efectos o adjudicatario deberá concorrer o día e hora sinalado a tales efecto e perante o notario que por turno de reparto corresponda.

17.4. Variacións na parcela obxecto de alleamento.

A venda realízase en concepto de "corpo certo", polo que non caberá reclamación ningunha por posibles variacións, tanto na superficie como no volume edificable que puideran xurdir a consecuencia da aplicación das ordenanzas vixentes, nin como consecuencia das condicións xeolóxicas, topográficas, arqueolóxicas ou calquera outra análoga que puidera encarecer ou limitar a construción.

17.5. Condicións especiais esixidas ó abeiro do artigo 177 da LOUG.

17.5.1 Prazos de edificación.

- a) Deberán solicitarse licenzas de construción nun prazo máximo de 1 ano.
- b) As obras deberán iniciarse no prazo improrrogable de seis meses a contar desde a notificación do outorgamento da licencia.
- c) As obras deberán finalizarse no prazo improrrogable de tres anos a contar desde a notificación do outorgamento da licencia.

17.5.2. Prezo final máximo de venda das vivendas resultantes e índice de referencia para a súa actualización.

Con posterioridade á formalización da declaración de obra nova ou en construción, ou en todo caso, da obtención da licencia de primeira ocupación, o alleamento das fincas resultantes da constitución da propiedade horizontal estará suxeito ó seguinte réxime de prezos:

O prezo final máximo por metro cuadrado construído vendrá dado pola aplicación á cuantía de 1.893,19 €/m² a seguinte porcentaxe:

- No caso do primeiro alleamento, a porcentaxe de variación do precio básico nacional previsto no artigo 2.11 do real decreto 801/2005, entre a data de adjudicación e a de formalización en escritura da compravenda.
- En sucesivos alleamentos, a porcentaxe de variación entre do precio básico nacional previsto no artigo 2.11 do real decreto 801/2005, entre a data do último alleamento e a de formalización en escritura de compravenda.

Enténdese no presente prego por superficie útil a do solo, delimitado polo perímetro definido pola cara interior dos cerramentos externos ou dun elemento dun edificio. Inclúese a metade da superficie do solo dos seus espazos exteriores de uso privativo cubertos (tales como terrazas, balcóns, tendedeiros, muelles de carga, voladizos, etc...) medida baixo a proxección horizontal da súa cuberta. Sen embargo, nesta superficie non se inclúe a ocupada en planta polos cerramentos interiores fixos, por elementos estruturais verticais, por canalizacións ou conductos con sección horizontal superior ós 100 cm² e a do solo cuxa altura libre sexa inferior a 1,5 metros. Tampouco se inclúen a ocupada polos espazos exteriores non cubertos. O prezo de alleamento dos anexos inseparables (rochos e prazas de garaxe), non poderá exceder do 60% do prezo máximo de venda por metro cuadrado de superficie útil de vivenda.

Previamente á determinación das fincas que estarán sometidas o presente réxime, deberá fixarse o número de vivendas que corresponde en función da porcentaxe do aproveitamento enaxenado. Procurarase que a porcentaxe

de aproveitamento enaxenado sexa equivalente a un número enteiro de vivendas. Con ocasión do outorgamento da licenza de construción se determiarán as vivendas que están sometidas o presente réxime e incluso o Concello poderá dirixirse á promoción co gallo de que reaxuste o número de vivendas ó aproveitamento enaxenado. A determinación concreta das fincas que estarán sometidas o presente réxime se realizará con ocasión do outorgamento da licenza de obra e se realizará por sorteo entre as fincas resultantes.

17.5.3. Prezo final máximo de aluguer e índice de referencia para a súa actualización.

O prezo máximo de aluguer será o seguinte: a renda anual non poderá superar o 4 % do prezo da vivenda e anexos inseparables ou inferior proposto polo adxudicatario. A renda será revisada cada dous anos no 50% da modificación que nese período experimente o índice 3.1 "vivendas de alugueiro" publicado polo INE.

17.5.4. Prohibicións doutras percepcións.

Queda prohibida a percepción de calquera sobreprezo, prima ou cantidade distinta á que legal e regulamentariamente corresponde satisfacer ó comprador de vivendas.

17.5.5. Condicións que impiden ulteriores alleamentos por prezo superior ao de adquisición.

A. Cesión do contrato.

O adxudicatario non poderá transmitir o obxecto do contrato sen autorización do Concello, de tal xeito que deberá ser quen promova a edificación, e no seu caso, a venda das fincas resultantes. Naquel caso de que se pretenda o exercicio da facultade de retracto prevista no artigo 1522 do Código civil, o Concello tomará razón da transmisión, quedando o adquirente na posición do adxudicatario en todas as obrigas contidas no presente prego. No presente caso será de aplicación igualmente o apartado e) do seguinte párrafo.

Excepcionalmente, o Concello poderá autorizar o alleamento do aproveitamento que lle corresponda sempre que se den as seguintes circunstancias:

- a) Sometemento á autorización municipal previa á formalización do alleamento.*
- b) Que o transmitente teña executadas un 20% das unidades de obra contidas no proxecto de execución.*
- c) O adquirente deberá ter capacidade para contratar coa Administración e a solvencia esixida nos artigos 15 a 20 do Real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*
- d) A transmisión do contrato deberá formalizarse en escritura pública, na que necesariamente se fará mención a que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que correspondan o cedente.*
- e) En ningún caso o prezo de cesión do contrato será superior o prezo de adjudicación incluído IVE, sen prexuízo da súa actualización en proporción ó Índice correspondente publicado polo INE.*

O Concello poderá acordar a autorización da cesión ou exercitar o dereito de tanteo e retracto previsto no apartado C. do punto 17.5.5.

B. Prazo de suxeición dos alleamentos e alugueres das vivendas ós prezos máximos establecidos no presente prego.

O alleamento e aluguer das vivendas resultantes estará suxeito ós límites dos prezos máximos establecidos no presente prego durante un prazo de quince anos a contar desde o día seguinte á notificación do outorgamento da licenza de primeira ocupación.

C. Dereitos de tanteo e retracto.

Sen prexuízo do previsto no presente prego para a cesión do contrato, o Concello resérvase por un prazo de quince anos dende o día seguinte á notificación da licenza de primeira ocupación, un dereito de tanteo e retracto das posteriores transmisións onerosas das fincas resultantes. Xustifícase a mesma en base o previsto nos artigos 177 e seguintes da LOUG para a protección-ampliación do patrimonio municipal do solo e das súas finalidades.

Esta facultade deberá ser expresamente recollida na escritura pública e contida no Rexistro da Propiedade.

Os propietarios das fincas gravadas co dereito de tanteo e retracto, deberán notificarlle ó Concello a decisión de allealas, con expresión do prezo e forma de pagamento proxectados e restantes condicións esenciais da transmisión, para o total da vivenda (incluíndo os anexos inseparables que se mencionan nas obrigas específicas), así como os tributos que legalmente correspondan o comprador, os efectos do posible exercicio do dereito de tanteo, durante un prazo de sesenta días naturais, contado dende o seguinte ó da notificación.

De acordo co previsto na Lei 4/2003, de 29 de xullo, de Vivenda de Galicia, en ningún caso poderá impoñerse o comprador como parte do prezo de venda os gastos correspondentes ó outorgamento da declaración de obra nova e división horizontal, cancelación de cargas e outros análogos que as disposicións legais aplicables atribúen ó vendedor.

Estarán suxeitas o dereito de tanteo e retracto as primeiras e sucesivas transmisións inter vivos, sexan estas gratuitas ou onerosas, voluntarias ou como consecuencia dun procedemento de execución patrimonial. Non existirá tal dereito, nas donacións ou apartamentos sucesorios entre ascendentes e descendentes, ou nos casos de liquidación da sociedade de gananciais.

O Concello poderá exercer o dereito de retracto cando non se lle fisexe a notificación aludida con anterioridade, se omitise nela calquera dos requisitos esixidos ou resultase inferior o prezo efectivo da transmisión ou menos onerosas as restantes condicións desta. O Concello poderá exercer o dereito no prazo de sesenta días naturais contados dende a notificación da transmisión efectuada, que o cesionario deberá facer ó Concello mediante copia da escritura ou documento no que se formalizase. Non se poderán inscribir no Rexistro da Propiedade as transmisións efectuadas sen a acreditación da realización das notificacións consideradas con anterioridade.

Calquera operación societaria de fusión, escisión, ampliación de capital etc...da persoa xurídica que no seu caso sexa adxudicatario do contrato, será comunicada á XMU, de tal xeito que a XMU tome coñecemento da mesma e valide a vixencia do contrato.

17.6. Requirimentos.

O adxudicatario deberá dar debido cumprimento ós requirimentos que se lle fagan dende o Concello, tanto derivados do presente concurso, como os necesarios para a obtención da licenza de obra.

17.7. Obrigación de información ós adquirentes ou arrendatarios sobre as condicións específicas derivadas do presente prego.

Nos contratos de alleamento de vivendas de futura construción ou terminadas, deberá incluírse unha cláusula na que se informe á parte adquirente que a parcela pertenceu ó Patrimonio Municipal do Solo, e que está gravada cunha serie de condicións contidas no prego de condicións.

7.8. Obrigación de notificar ó Concello do depósito da fianza e inscrición do arrendamento.

Naquel caso que se pretenda o aluguer das vivendas suxeitas ás estipulacións do presente prego de condicións, o arrendador ou subarrendador deberán depositar a fianza no Instituto Galego da Vivenda e Solo e inscrición do arrendamento no Rexistro de Contratos de arrendamento de vivendas e fincas urbanas do IGVS. Tanto do depósito da fianza como da inscrición aludida, con anterioridade, darase conta de xeito inmediato ó Concello. As limitacións para o alugamento vencen ós 15 anos dende a notificación da obtención da licenza de primeira ocupación.

18. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Serán causa de resolución do contrato, ademais das previstas no artigo 8.3 e 111 do real decreto legislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, as seguintes:

- a) Demora no cumprimento dos prazos por parte do adxudicatario. En concreto, os seguintes:
 - Incumprimento do prazo dos ingresos do prezo de adxudicación previstos no apartado 2º do artigo 17.
 - Incumprimento do prazo previsto para o depósito da garantía definitiva.*
- b) Non comunicación da primeira transmisión das vivendas resultantes da edificación.*
- c) Incumprimento do prezo máximo de aluguer cando sexa o arrendador sexa o adxudicatario do presente contrato.*

Os efectos da resolución do contrato, serán os previstos no artigo 113 do rdlex. 2/2000. En todo caso, a parcela licitada e as súas accesións, revertirán automaticamente ó Patrimonio Municipal do Solo do Concello de Vigo, para o cal poderá inscribi-la o seu nome no Rexistro da Propiedade, acreditando o cumprimento da condición resolutoria por calquera dos medios admitidos en dereito, así como o acordo que poña fin ó expediente de resolución do contrato.

En caso de que o adxudicatario renunciara en calquier momento á parcela, produciranse as seguintes consecuencias:

- a) Se a renuncia con anterioridade á adxudicación definitiva deberá ingresar na caixa da Corporación o 10% do prezo ofertado en concepto de danos e perdas.*
- b) Se a renuncia se producira con posterioridade á adxudicación definitiva serálle incautado como mínimo o 15% do prezo da adxudicación como penalidade polos danos e perdas ocasionados á Corporación.*

19. CONSECUENCIAS DE NON SOLICITAR A LICENZA DE CONSTRUCCIÓN NO PRAZO ESTABLECIDO NO PRESENTE PREGO.

Naquel caso que o adxudicatario non solicite a licenza de construción no prazo dun ano dende a notificación da adxudicación do contrato, o Concello promoverá a inscrición da totalidade da parcela no futuro Rexistro municipal de solares de edificación forzosa, tal e como se establece nos artigos 188 e seguintes a LOUGA e o D.

635/64, de 5 de marzo. Transcurridos dous anos sen que se lle dea cumprimento o deber de edificar, a Administración decretará a edificación forzosa do soar, de maneira directa o por medio de axente edificador.

20. INTERPRETACIÓN.-

A Administración convocante se reserva a facultade para interpretar as dúbidas que poidan surdir na interpretación do presente prego de condicións.

21. LEXISLACIÓN APLICABLE.-

O alleamento rexirase, en canto ao non previsto neste prego de condicións sobre a súa preparación, competencia e adjudicación, polas disposicións do ordenamento xurídico-administrativo que lle sexan aplicables, e polo dereito civil no referido o seu contido substantivo e efectos.

22. XURISDICCIÓN COMPETENTE.-

Dada a natureza especial do contrato, a xurisdicción competente para coñecer as controversias derivadas dos actos de preparación, adjudicación, efectos e extinción é a contenciosa-administrativa. Todo elo sen prexuízo da potestades que legalmente lle corresponden á Administración.

MODELO DE OFERTA

D. _____, con enderezo en _____, D.N.I. nº _____, teléfono _____, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de _____, con enderezo en _____, C.P. _____, teléfono _____, e D.N.I. ou C.I.F. (según se trate de persoa física ou xurídica) nº _____) enterado dos anuncios insertos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Doga dos días _____ de _____ de 200_ e _____ de _____ de 200_, do Concurso convocado polo Concello de Vigo a través da súa XMU, e das condicións e requisitos para concorrer o alleamento da parcela que se reseña a continuación, destinadas á construción de _____ presenta a seguinte oferta:

| | |
|------------|---|
| OBXECTO: | Concurso de alleamento de aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello no polígono situado entre a rúa San Xoán do Monte-Padre Celso Lote 1.- Lote 2.-. |
| MUNICIPIO: | Concello de Vigo, Xerencia Municipal de Urbanismo. |

Comprométome:

- *Á adquisición do aproveitamento (Lote 1/Lote 2) polo prezo de _____Euros (_____) -en letra-, máis o IVE correspondente, impostos e gastos aplicables á transmisión.*
- *O alleamento dos pisos resultantes da promoción, cunha porcentaxe de redución sobre o prezo por metro cuadrado útil de _____ -en letra-.*
- *A no caso de optar polo alugamento dos pisos resultantes, por un prezo máximo de _____% sobre o prezo máximo de alleamento.*

Informo que son copropietario dunha porcentaxe deda parcela edificable, según acredito coa documentación que se achega coa presente oferta.

Igualmente declaro que coñezo o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación que rexe o presente contrato, que expresamente asumo e acato na súa totalidade.

En , a de de

(Sinatura do proponente)

73(1590).- ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL NO ÁMBITO DA U.A. 2 CARRASQUEIRA (CORUXO). EXPTE. 4725/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 12.07.07, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local deu aprobación definitiva o 20.12.04 o proxecto de equidistribución do polígono da UE 2 Carasqueira-Coruxo (expte 4536/401).

En data 12.02.07 o Xerente municipal de urbanismo dicta providencia de incoación de expediente.

O 2.03.06 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo acordou o seguinte: "(...) Definidos os criterios cos que determinar a finalidade inmediata dos bens inmobiliarios integrantes do PMS. Procederá ademais, a efectos de facilitar a xestión sistemática do PMS, a elaboración dun prego base de condicións económico-administrativas que rexa os procedementos de alleamento por concurso, previndo medidas de contención de alzas excesivas de prezos, sen prexuízo de respectar o contido mínimo dos pregos previsto no artigo 177 da Lei 9/02.licitación, no que se aborden entre outras as seguintes cuestións: a) O prezo de licitación, que para os distintos réximes de vivenda protexida se adoptará o establecido no art. 84 do Decreto da Xunta de Galicia 257/2004, e para a vivenda libre e demais usos será o seu valor urbanístico determinado caso a caso coas correspondentes valoracións. b) Se regularán os prazos máximos de edificación e urbanización. c) Estableceranse limitacións á facultade de allear por prezo superior ó de adquisición. Para os casos de que as vivendas resultantes estén se acollan a un réxime de protección pública, se estarán ás limitacións contidas na regulamentación de cada réxime. Naquel caso que non se acollan a un réxime de protección, se fixará como prezo máximo de alleamento do produto inmobiliario a cantidade resultante de aplicar a % de variación do prezo básico nacional entre a data de adjudicación e a a de formalización do alleamento. En razón de todo o exposto, procede formular ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción do seguinte ACORDO: 1.- Adoptar como criterio para a xestión do PMS o contido na presente proposta, diferenciando a mesma en función do valor e da idoneidade para server ás

finalidades previstas no artigo 177 da Lei 9/02. 2.- Incoacción dos correspondentes expedientes de alleamento do patrimonio municipal do solo cos criterios contidos na presente proposta (...)"

O 11.05.06 o técnico da admón xeral da oficina de planeamento e xestión asina proposta de pregos de cláusulas administrativas. No expediente consta informe de Secretaría da XMU de 31.05.07 (ex 113 do real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, 49 e disposición adicional IX do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- *Natureza do contrato de alleamento dos aproveitamento municipal da parcela 4 da UE 2 Carrasqueira-Coruxo.- O apartado segundo do prego de cláusulas administrativas establece que a natureza xurídica do contrato é especial. En atención o disposto no artigo 5.1.b do real decreto lexislativo 2/2000, por entender que cumpren unha finalidade pública que ven propiciada pola xestión do patrimonio municipal do solo e o deber da Administración de controlar o destino do mesmo. En efecto, a Administración municipal ten competencias en materia de urbanismo e xestión do solo. Toda a actuación que desenvolva debe ir necesariamente a satisfacer unha finalidade pública e dirixida ó interese xeral (artigo 103 CE). O preámbulo da Lei 15/04, anticipa as medidas adoptadas para dar cumprimento o mandato constitucional de garantía dunha vivenda digna e regulación do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación (artigo 47 CE). Entre as medidas adoptadas, se encontra a regulación do alleamento do patrimonio municipal do solo a través do sistema de concurso, no que se valoren criterios como o prezo de venda ou alugamento das futuras vivendas e outros obxectivos de carácter urbanístico non especulativo. Polo tanto a natureza especial do contrato ten o seu fundamento no cumprimento destas finalidades previstas na lexislación e normativa sobre vivenda e urbanismo. A Xurisprudencia e a propia Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, están extendendo a natureza administrativa a certos contratos de transcendencia patrimonial. Entre as consecuencias prácticas de calificar o presente contrato como de natureza especial, é que se aplica a lexislación sobre contratos das Administracións Públicas e as normas sobre urbanismo e vivenda con carácter preferente. En consecuencia, a Administración na tutela dos intereses que constitucional e legalmente lle ven atribuídos, pode utilizar todas as facultades de privilexio e superioridade na relación contractual que lle outorga a lexislación de contratos das Administracións Públicas. Entroutras o Concello poderá interpretar o contrato, resolvelo cando se dean certas condicións, impoñer sancións ou penalidades etc...sempre en todo caso respetando o dereito dos adxudicatarios á defensa dos seus intereses.*

Segundo.- *Procedemento e forma de adjudicación.- No prego de cláusulas administrativas, establecece como procedemento o aberto e a forma o concurso. Polo tanto, dase cumprimento ó previsto no artigo 177 da Lei 9/02, de 30 de xuño. Coa nova redacción dada pola Lei 15/04, se impide a monetarización do aproveitamento legalmente atribuído ó Concello, pese a redacción prevista no artigo 236 da Lei 9/02. Do incumprimento do procedemento establecido se pronunciou no ano 2002 o Tribunal Superior de Xustiza da Rioxá (193/2002-JUR 487/2000) declarando a nulidade dun convenio urbanístico no seguinte sentido: "(...) Los convenios urbanísticos constituyen una manifestación de la participación de los administrados en el ejercicio de las potestades urbanísticas que corresponden a la Administración. El carácter jurídico-público de estas potestades no excluye, en una concepción avanzada de las relaciones entre los ciudadanos y la Administración, la intervención de aquéllos en aspectos de la actuación administiva susceptibles de compromiso (...) dichos terrenos del patrimonio municipal, ha de aplicarse el artículo 169 <los terrenos pertenecientes al patrimonio municipal del suelo con claiificación adecuada a los fines establecidos en el artículo anterior, serán enajenados en virtud de concurso> y por tanto el citado convenio urbanístico (...) sólo es posible cuando no sean contrarios a normas imperativas (...)"*. A citada Sentenza foi confirmada polo Tribunal Supremo. A peculiaridade do presente procedemento é que se licitan dos lotes correspondentes ós aproveitamentos atribuídos ó Concello nas parcelas 2 e 3.

Terceiro.- Criterios de adjudicación do contrato.- Os criterios de adjudicación contidos no prego de cláusulas administrativas consisten na valoración do prezo ofertado polo aproveitamento, o compromiso de promoción privada de vivenda protexida no término municipal de Vigo e a experiencia na promoción privada de vivenda de protección. Trátanse de criterios de adjudicación obxetivos que observan os principios básicos da contratación administrativa de concurrencia, igualdade e non discriminación, todo elo de acordo co previsto no artigo 86 do real decreto lexislativo 2/2.000. Considéranse como desproporcionadas as ofertas que incrementen o prezo de adjudicación nun 60% evitando deste xeito un alza excesivo do prezo do solo que poida despois ser repercutida no adquirente das vivendas. Sen prexuízo da inaptitude da parcela para o logro das finalidades do PMS (promoción vivenda protexida ou outros usos de interés social ex 280.1 TxrLs 92), co seu alleamento o Concello prima a promoción de vivenda protexida e a aqueles empresarios que optaran pola promoción privada de vivenda de tal natureza.

Cuarto.- Contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas previsto no artigo 177 da Lei 9/02.- De acordo coa nova redacción dada pola Lei 15/04 ó artigo 177 da Lei 9/02, o prego de alleamento de patrimonio municipal do solo ten un contido mínimo. O mesmo é abordado no prego de cláusulas administrativas. En relación coa proposta asinada polo Concelleiro delegado de urbanismo e o Xerente municipal de data 2.01.06, trae causa no presente prego na omisión do establecemento dun prezo máximo de alleamento das vivendas resultantes.. A proposta aludida basease primordialmente na inaptitude de determinado solo para o cumprimento das finalidades propias do patrimonio municipal do solo. Utilizando como referencia os índices máximos de repercusión do solo para a promoción de vivenda protexida tanto estatal como autonómica (real decreto 801/2005, de 1 de xullo, real decreto 3148/78, de 10 de novembro, Decreto da Xunta de Galicia 257/2004, de 29 d e outubro etc...), se fixan uns criterios para a xestión e alleamento do patrimonio municipal. Asígnense no prego de cláusulas as obxecións plantexadas no informe de Secretaría da XMU de 12.01.07.

Quinto.- Valoración do aproveitamento atribuído ó Concello.- Tendo en conta o previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, o patrimonio municipal do solo non se poderá allear por prezo inferior ao do seu aproveitamento urbanístico. Consta no expediente informe de valoración do mesmo emitido polo arquitecto técnico municipal da oficina de planeamento e xestión de data 6.07.06. Valorase o mesmo en 267.887,93 € en cada ún dos lotes, máis o IVE que corresponda.

Sexto.- Necesidade de que a participación do Concello no aproveitamento da parcela esté depurado xurídicamente.- En atención ó disposto na lexislación patrimonial das Administracións Públicas, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, deberá depurarse física e xurídicamente o aproveitamento do Concello..

Séptimo.-Destino dos recursos obtidos no alleamento do patrimonio municipal do solo.- Dada a súa condición de patrimonio afecto a unhas determinadas finalidades, o importe do alleamento deberá ir destinado á conservación e ampliación do PMS ó abeiro do artigo 276.2 do TRLS 92.

Octavo.- Órgano de contratación.- De acordo co previsto nos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, o decreto de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local nos órganos da XMU e o artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril (redacción dada pola Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do expediente e a adjudicación do mesmo corresponde ó Consello da XMU.

Por todo elo, en atención o previsto no artigo 67 do real decreto lexislativo 2/2.000, de 16 de xuño, PROPONSE A ADOPCIÓN DO PRESENTE ACORDO:

1.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas contida no anexo do presente informe e consecuentemente proceder á apertura do procedemento de adxudicación. Dar conta da presente resolución á Xunta de goberno local. O abeiro do disposto no real decreto legislativo 2/2004, procede recabar con carácter previo informe de fiscalización.

2.- Proceder á publicación de anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e no Diario oficial de Galicia. Consonte o artigo 122.2 do real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, a exposición do prego de cláusulas administrativas particulares e do anuncio para a presentación de proposicións realizarase conxuntamente, puidéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.-PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA O ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO CORRESPONDENTE Ó CONCELLO INTEGRADO NA UA 2 CARRASQUEIRA-CORUXO.

OBXECTO DO CONTRATO

A Xunta de goberno local de 20.12.04 deu aprobación definitiva o proxecto de compensación da UA 2 Carrasqueira-Coruxo (expte 4536/401). Dentro da obriga de cesión de aproveitamento ó Concello, o proxecto de equidistribución prevé como parcelas de titularidade municipal as número 10 e 11 coa descripción que segue:

- Primeiro lote.

Parcela número 10 do proxecto de compensación da UA 2 Carrasqueira-Coruxo, propiedade do Concello de Vigo e integrada no Patrimonio municipal do solo.

Superficie da parcela municipal: 231 m².

Edificabilidade da parcela: 156,35 m².

Ordenanza: vivenda unifamiliar adosada.

Lindeiros: Norte: Límite da urbanización. D. José Lorenzo Dacosta; Sur: Parcela de resultado número 9; Este: Límite da urbanización. D. José Luis Alonso Arnau; Oeste: Parcela de resultado número 10 e 11.

Cargas: A parcela queda afecta en proporción da cuota de participación do 4,17 % na conservación das novas zonas verdes do polígono. Sobre a parcela se constituíu un dereito de servidumbre de paso a favor das parcelas de resultado número 1 a 9 e 11 a 20 destinado a pasillos de circulación interna do garaxe, zaguán, escaleiras e calquera outro elemento común do garaxe que se executarán no subsolo da parcela, todo elo de acordo coas dimensións que figuren nos planos aprobados. Todos os gastos e impostos que se orixen con motivo da rampa e das zonas de rodadura comúns, incluso zaguán, coa súa porta de acceso e permiso municipal de entrada, así como su conservación, mantemento e reparación serán satisfeitos por portas iguais dos titulares das parcelas de resultado número 1 a 20. A parcela queda obrigada, conxuntamente cos propietarios das parcelas de resultado

números 1 a 9 e 11 a 20, a executar no subsolo da súa parcela o garaxe e os elementos comúns que se determinen nos planos aprobados e a previo requerimento de aqueles garantizando o mesmo tempo a estanqueidade do garaxe. Esta parcela ó abeiro do disposto no artigo 20.1.c da Lei 9/02, de 30 de decembro, está exonerada de contribuir cos gastos de urbanización.

- Segundo lote.

Parcela número 11 do proxecto de compensación da UA 2 Carrasqueira-Coruxo, propiedade do Concello de Vigo e integrada no Patrimonio municipal do solo.

Superficie da parcela municipal: 180 m2.

Edificabilidade da parcela: 156,35 m2.

Ordenanza: vivenda unifamiliar adosada.

Lindeiros: Norte: Límite da urbanización. D. José Lorenzo Dacosta; Sur: Parcela de resultado número 10 e vial 1; Este: Parcela de resultado número 10; Oeste: Parcela de resultado número 12.

Cargas: A parcela queda afecta en proporción da cuota de participación do 4,17 % na conservación das novas zonas verdes do polígono. Sobre a parcela se constituíu un dereito de servidumbre de paso a favor das parcelas de resultado número 1 a 9 e 11 a 20 destinado a pasillos de circulación interna do garaxe, zaguán, escaleiras e calquera outro elemento común do garaxe que e executarán no subsolo da parcela, todo elo de acordo coas dimensións que figuren nos planos aprobados. Todos os gastos e impostos que se orixen con motivo da rampa e das zonas de rodadura comúns, incluso zaguán, coa súa porta de acceso e permiso municipal de entrada, así como su conservación, mantemento e reparación serán satisfeitos por portas iguais dos titulares das parcelas de resultado número 1 a 20. A parcela queda obrigada, conxuntamente cos propietarios das parcelas de resultado números 1 a 9 e 11 a 20, a executar no subsolo da súa parcela o garaxe e os elementos comúns que se determinen nos planos aprobados e a previo requerimento de aqueles garantizando o mesmo tempo a estanqueidade do garaxe. Esta parcela ó abeiro do disposto no artigo 20.1.c da Lei 9/02, de 30 de decembro, está exonerada de contribuir cos gastos de urbanización.

As restantes circunstancias urbanísticas e relativas á propiedade e a depuración física e xurídica da parcela obran no expediente que se poderá consultar nas dependencias do servizo de xestión e planeamento desta Xerencia.

NATUREZA XURÍDICA.

O contrato que regula o presente prego de cláusulas administrativas ten natureza especial de acordo co previsto nos artigos 5.2.b e 8 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, en adiante LCAP.

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

De acordo co previsto no artigo 177.2 da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (modificada pola Lei 15/04, de 30 de decembro), en adiante LOUG, o procedemento a utilizar é o aberto e a forma de adxudicación o concurso.

TIPO DE LICITACIÓN.-

Segundo o disposto no artigo 177.2 da LOUG, o alleamento dos bens do patrimonio público do solo non será por prezo inferior ó do seu aproveitamento urbanístico, de xeito que as ofertas o serán polo tipo ó alza, sendo desbotadas as proposicións por debaixo do mesmo.

De acordo coa valoración realizada polos servicios técnicos municipal o tipo de licitación para cada ún dos lotes é o seguinte: 267.887,93 €.

O IVE engadirase ó prezo de adxudicación ó efectuarse a mesma.

GASTOS.

Serán de conta do adxudicatario todos os impostos e gastos de calquera tipo que deriven do presente contrato, incluídos os de publicación así como os de outorgamento da escritura pública e as súas copias e os correspondentes á inscrición no Rexistro da Propiedade. A acreditación do pago dos anteditos gastos deberá xustificarse segundo o disposto na condición 12ª. O importe máximo dos gastos que deberá asumir o adxudicatario de cada un dos lotes é de 1.500 €, sen contar ós necesarios para a formalización do contrato e a inscrición no Rexistro da Propiedade do aproveitamento que se licita. Naquel caso que algún interesado manifieste a súa intención de reducir os prazos ordinarios da orde de publicación dos anuncios nos diarios oficiais mencionados no punto 9.1, deberá previamente abonar a cantidade que por tal concepto vaian a facturar os servizos de publicación do BOP e do DOGA.

GARANTÍAS.

6.1. Garantía provisional.

Para poder concorrer ó concurso os licitadores deberán constituir unha garantía provisional, equivalente ó 2% do tipo de licitación incrementado polo IVE correspondente. Se determinan como garantías provisionais para cada un dos lotes a seguinte: 6.214,99 €.

6.2. Garantía definitiva .

Non se esixe garantía definitiva.

6.3. Formas.

As garantías serán prestadas nas formas previstas na LCAP e no do Real Decreto 1.098/2.001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en adiante RCAP.

Para a admisión de garantía provisional, os avais deben ser solidarios respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e pagadeiro ó primeiro requerimento da Tesourería municipal. Así mesmo, deberá ser de duración indefinida, permanecendo vixente ata que se resolva expresamente a procedencia da súa devolución. Tanto a garantía provisional como definitiva (no caso de ser esxible) deberá ser depositada con carácter previo na Tesourería do Concello de Vigo.

6.4. Devolución e incautación.

As garantías serán incautadas ou devoltas nos termos previstos no presente prego e na LCAP e no RCAP.

REQUISITOS DE CAPACIDADE

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional e non estean afectadas por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 20 da LCAP e concordantes do RCAP.

Asemade poderán presentar proposicións as unións de empresarios nos termos previstos no artigo 24 da LCAP e concordantes do RCAP, a duración desta será coincidente ca do contrato ata a total extinción das obrigas previstas no presente prego.

EXPOSICIÓN SIMULTÁNEA DO PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS E DO ANUNCIO PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

Consonte o artigo 122.2 do real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, a exposición do prego de cláusulas administrativas particulares e do anuncio para a presentación de proposicións realizarase conxuntamente, puidéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio. A licitación suspenderase no suposto de que se formularsen reclamacións contra o prego e reanudarase polo prazo que reste a partires do día seguinte ó da resolución daquelas.

PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

9.1. Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para tomar parte da licitación presentaranse en dous sobres pechados, no Rexistro Auxiliar da Xerencia Municipal de Urbanismo, de luns a venres de 9.00 a 13.30 e sábados no Rexistro Xeral do Concello, de 9.00 a 13.00.

O prazo de presentación será de 26 días hábiles contados a partires do seguinte ó da derradeira publicación, ben no BOP ou no DOG. Naquel caso que remate en sábado, o remate do prazo de presentación de proposicións se trasladará ó luns.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta por fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcurridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen ser recibida a proposición, ésta non será admitida en ningún caso.

9.2. Forma.

Os licitadores presentarán dous sobres pechados e asinados por eles mesmos ou persoa que os represente, nos que se indicarán ademáis da razón social e denominación da entidade concursante, o título de "PROCEDIMIENTO LICITATORIO DE ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO ATRIBUIDO Ó CONCELLO NA UA 2 CARRASQUEIRA-CORUXO, LOTE....." Estes sobres conterán: o primeiro, "SOBRE A", a documentación esixida para tomar parte na licitación; o segundo, "SOBRE B", a proposición económica e técnica axustada ó modelo que se inclúe neste prego e demais documentación que se detalla no ANEXO I.

A) "SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".

En dito sobre, deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- a) *Capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditada mediante escritura de constitución e de modificación ou outro documento similar, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial. No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade.*
- b) *Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 20 de la Lei de Contratos, que comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas por las disposicións vixentes. A acreditación desta circunstancia poderá facerse por cualquiera dos medios sinalados na normativa de contratación pública.*
- c) *Poder debidamente bastantado ó efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.*
- d) *Resgardo de depósito na tesourería municipal da garantía provisional ou aval polo importe previsto no presente prego.*
- e) *Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.*
- f) *Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.*

B) "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA-TÉCNICA".

Presentarase según o modelo incluído no anexo I e obrigatoriamente deberá ser asinada pola persoa que teña a representación que corresponda.

NOTA: O licitador poderá presentar a documentación esixida mediante orixinais ou mediante copias destes debidamente validados, ben por Notario ou ben compulsados por funcionario desta Administración habilitado para o efecto. Naquel caso que un mesmo licitador pretenda presentar proposicións ós dous lotes obxecto do presente concurso, bastará que presente a documentación administrativa nun único sobre a salvo do resgardo de depósito da garantía na tesourería municipal que deberá aportar en sobre diferente facendo constar tal circunstancia no mesmo.

9.3. Vinculación do licitador ó presente prego.

A presentación de proposicións presume por parte dos licitadores a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que se reunen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

O feito de presentar unha proposición para o concurso constitúe o licitador na obrigaón de cumprir o contrato que lle fose definitivamente adxudicado.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a adxudicación do concurso de ambos lotes, terase en conta o contido mínimo do artigo 177 da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se describen a continuación, por orde decrecente de importancia, tal e como se prescribe no artigo 86 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

10.1.- Maior prezo sobre o tipo de licitación do aproveitamento urbanístico derivado da participación do Concello na parcela descrita na cláusula primeira do prego de condicións (de 0 a 60 puntos).

Valorarase o presente punto en función da porcentaxe de incremento do prezo tipo de licitación, ata un máximo de 60 puntos. Quedarán excluídas as ofertas que propoñan a adquisición por un prezo superior ó 60% sobre o tipo de licitación.

10.2 Compromiso de promoción privada de vivenda protexida no término municipal de Vigo (de 0 a 20 puntos).-

Valorarase como criterio de adxudicación, o compromiso do licitador de promover vivenda protexida no término municipal de Vigo nas súas diferentes modalidades no prazo de dous anos dende a formalización do contrato . Para elo, deberá xustificar nese prazo a declaración provisional outorgada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. A puntuación a outorgar será en función dos seguintes parámetros:

- Por promoción de vivenda protexida de réxime especial: 15 puntos.*
- Por promoción de vivenda protexida de prezo xeral: 10 puntos.*
- Por promoción de vivenda protexida prezo concertado: 5 puntos.*

Naquel caso que a promoción supere as cinco vivendas, se outorgará un punto por cada unha que supere, ata un máximo da puntuación aludida no encabezamento do presente criterio de adxudicación. Así mesmo será obxecto de valoración con dous puntos (sempre que no superen o total dos vinte asignado ó presente criterio) naquel caso que exista un compromiso de colaboración co Concello de promoción de medidas de realoxamento de persoas afectadas por actuacións urbanísticas dentro do término municipal de Vigo.

10.3 Experiencia na promoción privada de vivenda protexida no término municipal de Vigo (de 0 a 5 puntos).-

Valorarase a experiencia en promoción de vivenda protexida dentro do término municipal de Vigo nos tres últimos anos dende a presentación da proposición. Deberá achegarse xustificación da execución da mesma por medio de declaración definitiva do Instituto Galego da Vivenda e do Solo. Outorgarase unha puntuación de tres puntos. Naquel caso que a promoción ou promocións superen as dez vivendas outorgarase a puntuación máxima de cinco puntos.

MESA DE CONTRATACIÓN.-

A Mesa de contratación estará composta polos seguintes membros:

Presidente: O Vicepresidente da XMU.

*Vocais: O Secretario da XMU.
O Interventor da XMU.
O Xerente da XMU.
Un/unha técnico municipal da oficina de planeamento e xestión urbanística da XMU.
O Xefe dos servicios centrais da XMU.*

Secretario: Un/unha funcionario/a administrativo/a da Secretaría da XMU.

De acordo co previsto no artigo 52 da Lei orgánica 3/07, de 22 de marzo, de igualdade hombre-muller, procurarase a presenza equilibrada de homes e mulleres no devandito órgano colexiado.

ACTO DO CONCURSO.

A Mesa de licitación constituirase no salón de xuntas da XMU ás 12 horas do décimo día hábil seguinte ó que finalice o prazo de presentación de proposicións, estimándose inhábiles a estes efectos os sábados. Non obstante, a Mesa poderá constituirse dúas horas antes para os efectos de apertura do sobre A.

Dada lectura do anuncio, a Presidencia advertirá ós que concorran que poden examinar as plicas presentadas, cotexas cos respectivos asentos do Libro de Rexistro, solicitar as aclaracións e formular as observacións que estimen pertinentes ata o momento en que comece a apertura dos sobres, unha vez comezado este acto non se admitirá interrupción ningunha.

A Presidencia abrirá, en primeiro lugar, o sobre A, examinará a documentación esixida para concursar asistido do Secretario e rexeitará aquelas propostas que non reúnan os requisitos establecidos para concursar, procedendo segundo o establecido no artigo 81 do RCAP.

En segundo lugar, abrirá o sobre que contén a proposición económica e demais criterios fixados no presente prego, procedendo segundo o establecido nos artigos 83 e 84 do RCAP.

A existencia de defectos subsanables na documentación esixida para concorrer non suspenderá a apertura do sobre "B", salvo a daqueles licitadores que fosen excluídos por adolecer de defectos non subsanables.

Se como consecuencia das protestas formuladas resultase excluído o mellor oferente, proporase a adxudicación do concurso á seguinte mellor oferta.

Se resultase empate entre as mellores ofertas, seleccionarase aquela que prevea un menor prezo de venda e aluguer sobre o máximo establecido. En caso de persistir o empate procederase por sorteo.

A proposta de adxudicación quedará condicionada a que o licitador proposto acredite no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción da notificación do requirimento que se lle faga de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. Asemade, en igual prazo, achegará o xustificante de pago do importe dos anuncios derivados da licitación.

Se da documentación achegada resultase que o licitador proposto está incluído en prohibición de contratar, farase nova proposta de adxudicación a favor do licitador que obtivese a seguinte mellor puntuación.

Poderá a Presidencia establecer un ou varios periodos de descanso na celebración do acto cando por razóns de diversa índole o estime convinte.

RECLAMACIÓNS.

Se algunha solicitude ou documentación fose rexeitada por non axustarse ó prego de condicións e se formulase proposta ou reclamación polo autor da mesma, reservará a Mesa a documentación presentada para que á súa vista poida o órgano competente acordar o que proceda.

ACTA.

A acta de licitación extenderase polo Secretario, que fará constar necesariamente: o lugar, día e horario en que se celebre o acto, a composición da Mesa, o número total da documentación presentada co nome dos licitadores, expresión das admitidas, relación das rexeitadas, consignando as protestas ou reclamacións formuladas durante o acto de licitación e o nome dos que as promovesen, uníndose tamén á acta as ofertas que se realizasen e a proposta de adxudicación.

A Acta conterá, se é o caso, as propostas ou reclamacións que exclusivamente sobre o seu contido ou redacción fíxesen ós interesados, será asinada polos membros que constitúen a Mesa, así como polos licitadores reclamantes. Por razóns de funcionalidade, materiais ou de tempo, a acta poderá redactarse en momento posterior ó levantamento da sesión.

DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

A documentación dos licitadores, a excepción da que corresponda ó sinalado como mellor oferente e a daqueles que promovesen protestas, devolverase ós interesados no prazo de 3 meses, a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, asinando o retirei da mesma o pé do escrito solicitando tomar parte no concurso. Estes escritos e todos aqueles en que se consignaron as posturas promovidas, uniranse ó expediente do concurso.

Transcorrido o prazo dun ano dende a presentación da documentación achegada polos licitadores sen que procedesen á súa recollida, a Administración poderá dispoñer a súa destrución.

APROBACIÓN.

A acta da Mesa de contratación coa proposta de adxudicación, previa fiscalización pola Intervención municipal, xunto co informe-proposta sobre as reclamacións ou protestas plantexadas elevarase ó órgano competente para a súa resolución. O acordo de adxudicación notificarase a todos os licitadores.

OBRIGAS DO ADXUDICATARIOS.

17.1. Constitución e devolución da garantía definitiva e complementaria no caso que o adxudicatario asuma compromisos ó abeiro do disposto no punto 10.2

Non se esixe a presentación de garantía definitiva. Naquel caso que o licitador asuma compromisos ó abeiro do disposto no punto 10.2 deberá achegar garantía por importe de 60.000 €. A mesma será devolta cando se xustifique a declaración definitiva como vivenda de protección.

17.2. Pago do prezo.

O importe do prezo que os adxudicatarios abonarán ó Concello será o que figure no acordo de adxudicación definitiva, de conformidade co resultado da adxudicación.

O pago do prezo deberá realizarse en dous prazos:

a) Nun prazo de 30 días contados desde a notificación da adxudicación definitiva achegarse o importe do 50% do total do prezo incluída a parte correspondente ó IVE.

b) O resto farase efectivo no mesmo día de formalización da escritura pública.

Os pagos faranse mediante talón bancario ou transferencia ó número de conta polos Servicios Centrais da XMU.

17.3. Elevación a pública da escritura.

Os contratos formalizaranse en escrituras públicas no prazo de tres meses a contar dende a notificación ó interesado do acordo de adxudicación definitiva. A estes efectos o adxudicatario deberá concorrer o día e hora sinalado a tales efecto e perante o notario que por turno de reparto corresponda.

17.4. Variacións na parcela obxecto de alleamento.

As vendas realízanse en concepto de "corpo certo", polo que non caberá reclamación ningunha por posibles variacións, tanto na superficie como no volume edificable que puideran xurdir a consecuencia da aplicación das ordenanzas vixentes, nin como consecuencia das condicións xeolóxicas, topográficas, arqueolóxicas ou calquera outra análoga que puidera encarecer ou limitar a construción.

17.5. Condicións especiais esixidas ó abeiro do artigo 177 da LOUG.

17.5.1 Prazo de edificación.

- a) Deberá solicitarse licenza de construción nun prazo máximo de 3 meses dende a formalización do contrato.*
- b) A obra deberá iniciarse no prazo improrrogable de seis meses a contar desde a notificación do outorgamento da licenza.*
- c) A obra deberá finalizarse no prazo improrrogable de tres anos a contar desde a notificación do outorgamento da licenza.*

17.5.2. Condicións que impiden ulteriores alleamentos por prezo superior ao de adquisición.

O adxudicatario non poderá transmitir o obxecto do contrato sen autorización do Concello, de tal xeito que deberá ser quen promova a edificación, e dea o uso previsto no planeamento para a edificación.

Excepcionalmente, o Concello poderá autorizar o alleamento do aproveitamento que lle corresponda sempre que se den as seguintes circunstancias:

- a) *Sometemento á autorización municipal previa á formalización do alleamento.*
- b) *Que o transmitente teña executadas un 20% das unidades de obra contidas no proxecto de execución.*
- c) *O adquirente deberá ter capacidade para contratar coa Administración e a solvencia esixida nos artigos 15 a 20 do Real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*
- d) *A transmisión do contrato deberá formalizarse en escritura pública, na que necesariamente se fará mención a que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que correspondan o cedente.*
- e) *En ningún caso o prezo de cesión do contrato será superior o prezo de adxudicación incluído IVE, sen prexuízo da súa actualización en proporción ó Índice correspondente publicado polo INE previsto para vivenda.*

O adxudicatario e posteriores adquirentes, quedarán sometidos a esta condición no prazo de dez anos.

17.6. Requirimentos.

O adxudicatario deberá dar debido cumprimento ós requirimentos que se lle fagan dende o Concello, tanto derivados do presente concurso, como os necesarios para a obtención da licenza de obra.

17.7. Obrigación de información ós adquirentes ou arrendatarios sobre as condicións específicas derivadas do presente prego.

Nos contratos de alleamento da de futura construción, deberá incluírse unha cláusula na que se informe á parte adquirente que parte da parcela pertenceu ó Patrimonio Municipal do Solo, e que está gravada cunha serie de condicións contidas no prego de condicións.

CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Serán causa de resolución do contrato, ademais das previstas no artigo 8.3 e 111 do real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, a seguinte:

- *Demora no cumprimento dos prazos por parte do adxudicatario. En concreto, o seguinte: incumprimento do prazo dos ingresos do prezo de adxudicación previstos no apartado 2º do artigo 17.*

Para os efectos da resolución do contrato, serán os previstos no artigo 113 do rdlex. 2/2000. En todo caso, a parcela licitada e as súas accións, revertirán automaticamente ó Patrimonio Municipal do Solo do Concello de Vigo, para o cal poderá inscribi-la o seu nome no Rexistro da Propiedade, acreditando o cumprimento da condición resolutoria por calquera dos medios admitidos en dereito, así como o acordo que poña fin ó expediente de resolución do contrato.

En caso de que o adxudicatario renunciara en calquier momento á parcela, produciranse as seguintes consecuencias:

- a) *Se a renuncia con anterioridade á adxudicación definitiva deberá ingresar na caixa da Corporación o 10% do prezo ofertado en concepto de danos e perdas.*
- b) *Se a renuncia se producira con posterioridade á adxudicación definitiva serálle incautado como mínimo o 15% do prezo da adxudicación como penalidade polos danos e perdas ocasionados á Corporación.*

CONSECUENCIAS DE NON SOLICITAR A LICENZA DE CONSTRUCCIÓN NO PRAZO ESTABLECIDO NO PRESENTE PREGO.

Naquel caso que o adxudicatario non solicite a licenza de construcción no prazo dun ano dende a notificación da adxudicación do contrato, o Concello promoverá a inscrición da totalidade da parcela no futuro Rexistro municipal de solares de edificación forzosa, tal e como se establece nos artigos 188 e seguintes a LOUGA e o D. 635/64, de 5 de marzo. Transcurridos dous anos sen que se lle dea cumprimento o deber de edificar, a Administración decretará a edificación forzosa do soar, de maneira directa o por medio de axente edificador.

CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO DO PUNTO 10.2 DO PRESENTE PREGO.

No caso que o licitador adxudicatario se comprometera a promoción privada de vivenda protexida ó abeiro do punto 10.1 do presente prego e, no prazo de dous anos non acreditara a declaración provisional, o Concello incautará a garantía depositada para responder de tal cumprimento. O importe se integrará dentro do Patrimonio municipal do solo e irá destinado ós fins previstos no artigo 177 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

INTERPRETACIÓN.-

A Administración convocante se reserva a facultade para interpretar as dúbidas que poidan surdir na interpretación do presente prego de condicións.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

O alleamento rexirase, en canto ao non previsto neste prego de condicións sobre a súa preparación, competencia e adxudicación, polas disposicións do ordenamento xurídico-administrativo que lle sexan aplicables, e polo dereito civil no referido o seu contido substantivo e efectos.

XURISDICCIÓN COMPETENTE.-

Dada a natureza especial do contrato, a xurisdicción competente para coñecer as controversias derivadas dos actos de preparación, adxudicación, efectos e extinción é a contenciosa-administrativa. Todo elo sen prexuízo da potestades que legalmente lle corresponden á Administración.

74(1591).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO EXPROPIATORIO POR TAXACIÓN CONXUNTA DA ACTUACIÓN ILLADA Nº 1 DO PERI IV-01 SAN ROQUE PARA ENSANCHAMENTO E REPOSICIÓN DE SERVIZOS NA RÚA DE RIBADAVIA. EXPTE. 201/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, do 7.08.07, conformado polo, que di o seguinte:

O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (extpe 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario se deu aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411) cuxo punto segundo da parte dispositiva dispuña o seguinte: “(...)_Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)”.

O acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 5.08.04 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 25.08.04. Así mesmo, se deu traslado do mesmo á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda (hoxe CPTOT) o 2.12.04.

No devandito instrumento de ordenación se delimitou unha actuación illada en solo urbano consolidado “A.I.1”, destinada ó ensanche e reposición de servizos na Rúa Ribadavia.

O 12.06.06 o Vicepresidente da XMU resolveu a incoacción do expediente de expropiación da actuación illada “A.I.1” do PERI IV-01 San Roque A. Así mesmo, se requeriu a oficina de planeamento e xestión para que procedera a redacción do proxecto expropiatorio.

Para a redacción do proxecto expropiatorio, esta oficina recabou información catastral, rexistral, topografía, da Concellería de Benestar Social e dos propietarios coñecidos para que no prazo de dez días aportasen información para a correcta redacción do instrumento técnico necesario para a expropiación.

No proxecto expropiatorio redactado pola oficina de planeamento e xestión e asinado o 15.05.07, constan as seguintes parcelas e relación de propietarios coa conseguinte valoración:

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|---|--|---------------------------------------|---------------------|
| <i>PARCELA Nº 29 Rúa Ribadavia Nº11-A</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856101NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Milagros, Elvira, Isidro, Amelia, Benedicta, Elena, Berta y Julia González Álvarez.</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Salvador Allende Nº4 2ªA.</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDADE</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>111,51 m²</i> | <i>Terreo cun muro de bloque e portalón.</i> | <i>1.572,67 €/m²</i> | <i>175.369,00 €</i> |
| | <i>5% AfECCIÓN</i> | | <i>8.768,45 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>184.137,45 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|---|---|---------------------------------------|---------------------|
| <i>PARCELA N°30 Rúa Ribadavia N°9</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856102NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Milagros, Elvira, Isidro, Amelia, Benedicta, Elena, Berta y Julia González Álvarez.</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Salvador Allende N°4 2ªA.</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDADE</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>82,75 m²</i> | <i>Terreo cunha edificación de 202,5 m² construídos.</i> | | <i>190.926,14 €</i> |
| | <i>5% AfECCIÓN</i> | | <i>9.546,31 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>200.472,45 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|---|--|---------------------------------------|---------------------|
| <i>PARCELA N°43 Travesía Ribadavia 2 n°28</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856115NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Ramón Luis Mariño e Ramona Toubes</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Salvador Allende N°4 2ªA.</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDADE</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>105,82 m²</i> | <i>Terreo cun peche de bloques e portalón.</i> | <i>1.572,67 €/m2</i> | <i>166.420,48 €</i> |
| | <i>5% AfECCIÓN</i> | | <i>8.321,02 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>174.741,50 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|---|--------------------|---------------------------------------|---------------------|
| <i>PARCELA N°44 Travesía Ribadavia 2 n°30</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856116NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Hdros Faustina Domínguez Sánchez.</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Urzaiz N°89.</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDADE</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>119,45 m²</i> | <i>Terreo.</i> | <i>1.572,67 €/m²</i> | <i>187.856,04 €</i> |
| | <i>5% AfECCIÓN</i> | | <i>9.392,80 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>197.248,84 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|---|---|---------------------------------------|--------------------|
| <i>PARCELA N°45-p Travesía Ribadavia 2 n°31</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856701NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: José Eloy Melero Piña.</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Travesía Ribadavia 2 n°31</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDADE</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>14,38 m²</i> | <i>Terreo.</i> | <i>1.572,67 €/m²</i> | <i>22.615,07€</i> |
| | <i>5% AfECCIÓN</i> | | <i>1.130,75 €</i> |
| | <i>Indemnización reposición muro e desplazamento portalón</i> | <i>1.000,51</i> | <i>1.000,51</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>24.746,33 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|--|---|---------------------------------------|-----------------------|
| <i>PARCELA N°92 rúa Hortelana n°3</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856748NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Jesús Grova Martínez e Rosario Álvarez Vicente</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Hortelana N°3</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i><u>UNIDADE</u></i> | <i><u>CONCEPTO</u></i> | <i><u>PREZO</u></i> | <i><u>IMPORTE</u></i> |
| <i>45,16 m²</i> | <i>Terreo cuna edificación adicada a vivenda.</i> | | <i>91.302,24 €</i> |
| | <i>5% Afección</i> | | <i>4.565,11 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>95.867,35 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|--|--|---------------------------------------|-----------------------|
| <i>PARCELA N°93 Rúa Ribadavia n°19</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856749NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Julia Jesusa Leiva Hermida</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Ribadavia N°19.</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i><u>UNIDADE</u></i> | <i><u>CONCEPTO</u></i> | <i><u>PREZO</u></i> | <i><u>IMPORTE</u></i> |
| <i>65,72 m²</i> | <i>Terreo cunha edificación de 105,72 m² adicada a vivenda.</i> | | <i>151.925,41</i> |
| | <i>5% Afección</i> | | <i>7.596,27 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>159.521,68 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|--|---|---------------------------------------|---------------------|
| <i>PARCELA Nº94 Rúa Ribadavia nº17</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856750NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Manuel Carrera e Digna Martínez Álvarez.</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Ribadavia nº17</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDADE</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>103,53 m²</i> | <i>Terreo cunha edificación de 82,94 m² construídos.</i> | | <i>215.276,66 €</i> |
| | <i>5% Afecção</i> | | <i>10.763,83 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>226.040,49 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|--|---|---------------------------------------|---------------------|
| <i>PARCELA Nº95 Rúa Ribadavia nº15</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856751NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Hrdos Marcos Pérez Chamorro.</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Ribadavia nº15</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDADE</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>90,98 m²</i> | <i>Terreo cunha edificación de 67,87 m² construídos.</i> | | <i>162.663,50 €</i> |
| | <i>5% Afecção</i> | | <i>8.133,18 €</i> |
| <i>IMPORTE TOTAL</i> | | | <i>170.796,68 €</i> |

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|--|--|---------------------------------------|--|
| <i>PARCELA Nº96 Rúa Ribadavia nº13</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3856752NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIO: Cellso Framiñán Rey, María Consuelo de Miguel González, Manuel Toubes e Susana Raposo.</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Rúa Pedro Mendoza Nº15 1º-E SALAMANCA</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |

| UNIDADE | CONCEPTO | PREZO | IMPORTE |
|-----------------------|---|---------------------------|---------------------|
| 103,53 m ² | Terreo cun peche de pedra e en galpón en ruína. | 1.572,67 €/m ² | 316.956,94 € |
| | 5% Afección | | 15.847,85 € |
| IMPORTE TOTAL | | | 332.804,79 € |

Consta no expediente certificado de existencia de crédito de data 8.05.07.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- *Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.- O artigo 28.2 da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo establece que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes. No presente caso a declaración de utilidade pública ven lexitimada pola aprobación plenaria do acordo de modificación puntual nº 23 do Plan xeral de ordenación municipal de 29.07.02 (expte 6527/411) e o de 28.07.04 de aprobación definitiva do PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411).*

2.- *Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio.- O artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispoñe un procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá ser sometido a un trámite de información pública para que aqueles que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Así mesmo se deberá notificar individualmente ós que aparezcan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Tra-lo analise das alegacións presentadas, procederase á aprobación definitiva implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.*

3.- *Necesidade de práctica de nota marxinal de inicio de expediente expropiatorio no Rexistro da propiedade.- Tendo en conta o disposto no artigo 22 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, procede a práctica da inscrición rexistral do inicio do presente expediente.*

4.- *Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.*

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da actuación illada número “1” do PERI IV-01 San Roque que comprende as fincas descritas no proxecto expropiatorio elaborado pola oficina de planeamento e xestión da XMU o 15.05.07.

SEGUNDO: Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos.

TERCEIRO: Practicar a anotación do inicio do expediente expropiatorio, de acordo co establecido no artigo 22 do real decreto 1093/97.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

75(1592).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO EXPROPIATORIO DA ACTUACIÓN ILLADA “2” DO PERI IV-01 SAN ROQUE “A” PARA A OBTENCIÓN E REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA DOTACIÓN DE CENTRO SOCIAL. EXPTE. 202/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 7.08.07, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (extpe 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario se deu aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411) cuxo punto segundo da parte dispositiva dispuña o seguinte: “(...) Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...).”

O acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 5.08.04 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 25.08.04. Así mesmo, se deu traslado do mesmo á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda (hoxe CPTOT) o 2.12.04.

No devandito instrumento de ordenación se delimitou unha actuación illada en solo urbano consolidado “A.I.2”, para a obtención e rehabilitación de edificio para dotación de centro social.

O 12.06.06 o Vicepresidente da XMU resolveu a incoacción do expediente de expropiación da actuación illada “A.I.2” do PERI IV-01 San Roque A. Así mesmo, se requeriu a oficina de planeamento e xestión para que procedera a redacción do proxecto expropiatorio.

Para a redacción do proxecto expropiatorio, esta oficina recabou información catastral, rexistral, topografía, da Concellería de Benestar Social e dos propietarios coñecidos para que no prazo de dez días aportasen información para a correcta redacción do instrumento técnico necesario para a expropiación.

No proxecto expropiatorio redactado pola oficina de planeamento e xestión e asinado o 15.05.07, consta a seguinte parcela e propietarios:

| <i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i> | | | |
|---|---|---------------------------------------|---------------------|
| <i>PARCELA Nº 10 Travesía de Ribadavia nº 20</i> | | <i>REF. CATASTRAL: 3756511NG2735N</i> | |
| <i>PROPIETARIOS: Herdeiros de don Bernardo García Gómez</i> | | | |
| <i>DIRECCIÓN: Escultor Gregorio Fernández, 12 3º</i> | | | |
| <i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i> | | | |
| <i>UNIDA- D E</i> | <i>CONCEPTO</i> | <i>PREZO</i> | <i>IMPORTE</i> |
| <i>258,57 m²</i> | <i>Terreo cunha edificación en estado ruinoso e muro de peche</i> | <i>1.572,67 €/m²</i> | <i>406.646,59 €</i> |
| | <i>5% Afecção</i> | | <i>20.332,33 €</i> |
| <i>IMPORT E TOTAL</i> | | | <i>426.978,92 €</i> |

Consta no expediente certificado de existencia de crédito de data 8.05.07.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.- O artigo 28.2 da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo establece que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes. No presente caso a declaración de utilidade pública ven lexitimada pola aprobación plenaria do acordo de modificación puntual nº 23 do Plan xeral de ordenación municipal de 29.07.02 (expte 6527/411) e o de 28.07.04 de aprobación definitiva do PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411).

2.- Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio.- O artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispoñe un procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá ser sometido a un trámite de información pública para que aqueles que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Así mesmo se deberá notificar individualmente ós que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Tra-lo analise das alegacións presentadas, procederase á aprobación definitiva implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3.- Necesidade de práctica de nota marxinal de inicio de expediente expropiatorio no Rexistro da propiedade.- Tendo en conta o disposto no artigo 22 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, procede a práctica da inscrición rexistral do inicio do presente expediente.

4.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da actuación illada número “2” do PERI IV-01 San Roque que comprende a finca descritas no proxecto expropiatorio elaborado pola oficina de planeamento e xestión da XMU o 15.05.07.

SEGUNDO: Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos.

TERCEIRO: Practicar a anotación do inicio do expediente expropiatorio, de acordo co establecido no artigo 22 do real decreto 1093/97.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

76(1593).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D^a. MARÍA ANGELES MARTÍNEZ TEJAR POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO DE OBRA. EXPTE. 26322/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obrtas, do 8.08.07, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

Con data 07 de novembro de 2006, autorizouse a D^a. MARIA ANGELES MARTINEZ TEJAR a ocupación da vía pública cun valado de obra para protección de montacargas, na Praza de Compostela, 25 para obras de reforma no piso terceiro, con número de expediente 50895-250. Constituindo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de mandamento 200600054649 de data 07-11-2007, para responder dos posibles danos pola instalacións dun valado para montacargas.

Con data 29 de maio de 2007, o departamento de Administración de Tributos (Tributos Especiais), indica que xa tomou nota da Baixa da ocupación da vía pública, con efectos de 07-05-2007, solicitando a devolución da fianza depositada.

Na inspección feita con data 19 de xuño de 2007, comprobouse que o valado para montacargas foi retirado e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de D^a. MARIA ANGELES MARTINEZ TEJAR.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de D^a. MARIA ANGELES MARTINEZ TEJAR.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

77(1594).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA ORGANIZAR O IV DÍPTICO CICLISTA DE GALICIA, OS DÍAS 25 E 26 DE AGOSTO DE 2007. EXPTE. 7128/338.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 6.08.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, a organizar os vindeiros días 25 e 26 de agosto, o IV Díptico Ciclista de Galicia, situándose a Saída e a Meta os dous días na Avda. De Castelao, no treito comprendido entre a rúa Redondela e a glorieta da rúa O Grove dirección Praza de América, sendo a saída do día 25 ás 10.00 horas e o día 26 ás 15.00 horas.

78(1595).- AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA “FACENDO CIDADE Ó ANDAR: VOLTA A VIGO EN BICICLETA EN SETE DÍAS” DO 20 Ó 28 DE AGOSTO DE 2007. EXPTE. 7145/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 6.08.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a José Ángel García Freire, xunto coas entidades Fundación Ciclismo Galego, Club Ciclista Vigués e o Club Ciclista Teis, a organizar os vindeiros días 20,21,22,23,24,27 e 28, o programa de actividades -FACENDO CIDADE AO MAR. VOLTA A VIGO EN BICICLETA EN SETE DÍAS.

79(1596).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.